

**PROGRAMA ELECTORAL**

**ELECCIÓN MUNICIPALIS 2019**

**XOSÉ A. SÁNCHEZ**

**BUGALLO**

**PSdG-PSOE**

**MAIO 2019**

## **Pág. I. INTRODUCCIÓN**

- 04. A TRAXECTORIA MUNICIPAL SOCIALISTA E AS FORTALEZAS DA CIDADE
- 04. A CRISE URBANA DE COMPOSTELA, 2011-2019
- 05. UN NOVO PROXECTO URBANO: FACER DE COMPOSTELA CAPITAL OUTRA VEZ

## **06. II. UN CONCELLO AO CARÓN DAS PERSOAS**

- 08. UNHA CIDADE MAIS SÁ E SAUDÁBEL
- 09. COMPOSTELA, CIDADE EDUCADORA

## **13. III. A CIDADE EN FORMA**

- 13. INFRAESTRUTURAS
- 13. DEPORTE COMO INVESTIMENTO EN CALIDADE DE VIDA
- 14. DEPORTE FEDERADO E FEDERACIÓNS DEPORTIVAS

## **15. IV. CIDADE A ESCALA HUMANA**

- 15. A XESTIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE
- 17. A CIDADE SEGURA
- 19. ACTIVANDO Á XUVENTUDE
- 20. APOSTA POLA PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- 21. COMPROMISO COA IGUALDADE
- 23. COMPOSTELA DIVERSA
- 24. UNHA CIDADE COOPERADORA

## **25. V. COMPOSTELA, UNHA CIDADE DE OPORTUNIDADES: INNOVACIÓN-COMPETITIVIDADE-EMPREGO**

- 25. A FORMACIÓN CLAVE.
- 25. O EMPRENDEMENTO: COMPOSTELA, CIDADE DE OPORTUNIDADES
- 26. REFORZAR O COMPROMISO COA CIDADE
- 27. FACER DO EMPREGO UNHA PRIORIDADE
- 27. SOLO EMPRESARIAL COMUNICADO E DE CALIDADE

## **28. VI. AMPLIAR O ATRACTIVO TURÍSTICO DE COMPOSTELA**

- 28. O XACOBEO 2021, PRIMEIRO RETO
- 28. CAMBIAR O MODELO TURÍSTICO CARA O "TURISMO DE CALIDADE
- 29. MELLORAR A CONVIVENCIA DA POBOACIÓN LOCAL COS TURISTAS, FUNDAMENTALMENTE NO CASCO HISTÓRICO
- 30. DESEÑO DE NOVAS PROPOSTAS
- 30. ESTABLECEMENTO DE REDES CON OUTROS SECTORES

31. REARME DA XESTIÓN TURÍSTICA MUNICIPAL

**32. VII. COMPOSTELA, CIDADE DE COMPRAS**

**34. VIII. RECUPERAR O IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO URBANO, AMBIENTAL E ECONÓMICAMENTE SOTIBLE E SOCIALMENTE SOLIDARIO**

34. RETOMAR A ACCIÓN MUNICIPAL CONTINUADA DIRIXIDA A OFRECER VIVENDA ASEQUIBLE AOS CIDADÁNS

36. GARANTIR A DISPOSICIÓN DE SOLO EMPRESARIAL DE CALIDADE BEN COMUNICADO

37. IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE QUE ATENDA Á INTEGRACIÓN DO CRECEMENTO HABIDO E DO ESPERADO PARA 2030

**39. IX. UN MEDIO RURAL VIVO E CONECTADO**

**40. X. COMPOSTELA, CIDADE VERDE**

40. MELLORANDO E AMPLIANDO OS ESPAZOS VERDES

40. MELLORANDO AS INFRAESTRUTURAS E A XESTIÓN HIDRÁULICAS

41. OUTRAS ACCIÓNS MEDIOAMBIENTAIS

**43. XI. COMPOSTELA: PATRIMONIO E CULTURA**

43. PATRIMONIO. O SISTEMA INTEGRADO DE CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA CIDADE HISTÓRICA

45. PROSEGUIREMOS A APOSTA POLA CULTURA E A CREACIÓN

47. REFORZAREMOS A CULTURA DE BASE

48. COMPROMISO COA LINGUA PROPIA DE GALICIA

**49. XII. EFICIENCIA, CALIDADE, AUSTERIDADE, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN**

49. UNHA ADMINISTRACIÓN EFICIENTE, CON PROCEDEMENTOS ÁXILES E BASEADA NAS NOVAS TECNOLOXÍAS

49. MELLORAS NA XESTIÓN

51. TRANSPARENCIA E PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

51. A MELLORA DA XESTIÓN ECONÓMICA MUNICIPAL

52. FISCALIDADE

**53. XIII. COMPOSTELA, CAPITAL INSTITUCIONAL**

## I. INTRODUCCIÓN

### A TRAXECTORIA MUNICIPAL SOCIALISTA E AS FORTALEZAS DA CIDADE

Durante os anos da expansión, os socialistas, con Xerardo Estévez e Xosé Sánchez Bugallo á cabeza, fomos quen de modernizar e fortalecer o proxecto urbano de Compostela, afrontando o período de crise en mellores condicións que outras áreas urbanas próximas. Compostela evitou os custes da improvisación, construíndo un proxecto ben planificado, con deseño a longo prazo. Avanzou con firmeza nas infraestruturas de conexión externa da cidade e na articulación dos espazos próximos, reducindo o lastre da perifericidade. Reforzou o atractivo da nosa cidade, actuando sobre os seus equipamentos básicos e sobre a calidade de vida (solo industrial, espazos públicos...) Consolidouse como destino turístico internacional, gañando a aposta de facer da cidade histórica algo vivo. A cohesión social da cidade foi una realidade.

Os socialistas completamos en dúas décadas de goberno, con éxito, o reto de transformar a cidade, combinando as súas funcións universitarias e administrativas co desenvolvemento turístico e a condición de capital de Galicia; con novas implantacións industriais e unha oferta de servizos especializados de alto nivel. Un planificado e coidadoso traballo de sutura interna, cun urbanismo de calidade, e a procura do equilibrio social compatible coa construción dunha imaxe de marca internacional, ligada á condición de Patrimonio da Humanidade, de referencia cultural europea, de destino do Camiño Xacobeo, de sede dunha universidade pluricentenaria.

### A CRISE URBANA DE COMPOSTELA, 2011-2019

A fortísima crise económica da última década supuxo una ameaza para ese proxecto de modernización urbana e introduciu novas esixencias e retos. O elevado nivel de desemprego, moi agudizado por baixo dos trinta anos; a desaparición de negocios ou empresas; ou o aumento das dificultades en moitas unidades familiares para chegar a fin de mes. O negocio turístico é moi sensible aos problemas económicos nos países de emisión de visitantes; as administracións (autonómica, universitaria, sanitaria, local) reducen as súas compras de bens e servizos, baixando a demanda local. As empresas exportadoras ven caer as vendas. Todo o tecido social padece.

Pero a principal dificultade procedeu da esfera política. O personalismo excesivo, o sectarismo e a defensa de intereses particulares levaron á ineficiencia aos tres gobernos encabezados polo Partido Popular nunha única lexislatura. Foron catro anos perdidos entre enfrontamentos inútiles, problemas xudiciais e improvisacións. Un tempo a esquecer.

Os resultados das eleccións de 2015 conduciron a un goberno en minoría de En Marea. Cargado de boas intencións, a ausencia de proxecto, o sectarismo e a incapacidade para afrontar a xestión dunha cidade tan complexa como a nosa, lastran o seu balance. Foron tamén catro anos perdidos. Pararon proxectos de relevancia (depuradora), actuaron con parcialidade ideolóxica, enfrontáronse coa administración municipal, foron incapaces de executar os investimentos previstos ou de por en marcha con eficacia proxectos de inclusión social... Non merecen unha prolongación da confianza cidadá.

## UN NOVO PROXECTO URBANO: FACER DE COMPOSTELA CAPITAL OUTRA VEZ

A cidadanía precisa con urxencia retomar o proxecto urbano de Compostela onde quedou no 2011. O concello ten que ser quen de galvanizar e orientar as enerxías sociais que existen na nosa cidade. Cun liderado sólido e acreditado, o de Xosé Sánchez Bugallo, con capacidade de falar con todos e todas, de relacionarse positivamente con todas as administracións e institucións relevantes para a nosa cidade; cun proxecto renovado, que mire ao 2030, e un equipo sólido e representativo.

A prioridade ten que estar en combater os efectos da crise, situándose a carón das persoas con dificultades sen deixar a ninguén atrás; para tirar partido de toda a potencialidade da cidade para o crecemento económico e o emprego; para manter as características definitorias da cidade (compacta, sostible, de calidade, cohesionada, segura...), que reforcen o seu atractivo para a chegada de visitantes e novos veciños ou para a captación de proxectos empresariais. Completando os proxectos que están avanzados, para dar sentido ao xa construído, para aplicar doses superiores de coñecemento e capacidade de xestión aos equipamentos, sistemas ou medios cos que contamos. É tempo para mellorar o software do proxecto urbano, e poñelo ao servizo das persoas que nela viven e os seus proxectos de futuro. Para facer dalgunhas das ameazas da crise unha fonte de oportunidades. Queremos facer unha cidade equilibrada socialmente e polo tanto segura. Coidando o seu perfil, pois ten valor social e económico, e facilita a creación de emprego. Unha cidade de oportunidades para a mocidade e os emprendedores; que teña capacidade de atracción de novas empresas. Unha cidade verde, sostible e sá que estimula a vivir nela. Uns espazos públicos de calidade. Uns barrios coidados, equipados e ben comunicados. Una oferta cultural variada e de alto nivel. Un patrimonio preservado e aberto. Aproveitando a oportunidade que representan o Xacobeo de 2021 e o de 2027 para transformar a cidade no horizonte dunha década.

Dámoslle ao concello un papel central na organización das enerxías sociais que permitan acadar un novo estadio no desenvolvemento urbano, conformando un proxecto a longo prazo (20/30). Un papel de liderado que obriga a organizar a participación social ao redor dos retos que a cidade se marca, a propiciar a madurez dos colectivos que compoñen a sociedade compostelá e dos axentes cívicos que os representan. Pero que tamén esixe ao concello a capacidade de concertar obxectivos e políticas coas restantes administracións. E a emerxencia dun orgullo compostelán que, partindo da condición de capital de Galicia e facendo valer os valores da cidade, permita afianzar unha acción política eficaz. De construír un futuro mellor.

## II. UN CONCELLO A CARÓN DAS PERSOAS

1. Impulsaremos unha estratexia de acción social con tres características básicas: transversalidade, coordinación e profesionalidade, conformando equipos profesionais onde na actualidade non existen ou non actúan como tales.
2. Potenciaremos a acción social incluíndo as políticas para maiores, as políticas para a infancia, adolescencia e familia, e a atención ás situación de vulnerabilidade social.
3. Apostaremos por unha reestruturación da área social que permita un fortalecemento das políticas sociais así como unha redución significativa dos tempos de agarda.
4. Promoveremos a realización dun Mapa Social que sitúe no territorio municipal as necesidades e os recursos de intervención, así como un Plan Estratéxico de Desenvolvemento Social 2020-2030 que oriente as políticas municipais nun horizonte de medio e longo prazo.
5. Dotaremos de estabilidade e capacidade dabondo á área de atención ou primeiro contacto da cidadanía cos Servizos Sociais, que atende a 50 persoas por día.
6. Reforzaremos este servizo por medio dun sistema de atención inmediata, que resolva as necesidades de información e oriente ás persoas, facilitando o acceso aos recursos idóneos.
7. Potenciaremos o sistema de citas web.
8. Promoveremos a descentralización real e efectiva dos servizos sociais, desde onde se atenderá todo o Concello, a partir dos xa existentes PASS (Punto de Atención de Servizos Sociais), e creárase unha unidade móbil para o rural.
9. Dotaremos os PASS de persoal administrativo, para que o persoal técnico poida desenvolver as funcións que lle son propias e realizar un traballo social de calidade para as persoas. Este persoal administrativo, coñecedor da mecánica das prestacións e recursos, debe atender ao público para a supervisión da documentación e compilación do expediente; e una vez finalizado o trámite derivalo ao persoal técnico para a emisión de informe preceptivo.
10. Retomaremos o Consello Municipal de Participación nas Políticas Sociais, como espazo representativo e participativo das entidades sociais nas políticas públicas.
11. Promoveremos complementar o servizo de axuda a domicilio cun servizo de comedor a domicilio.
12. Incorporaremos a perspectiva do avellentamento transversalmente na planificación de todas as áreas de actuación municipal, promovendo o avellentamento activo.
13. Promoveremos os hábitos saudábeis nas persoas maiores por medio do uso cotián dos parques saudábeis, con axuda de algún monitor-formador que facilite o seu uso; difundindo unha guía de factores de risco para os maiores; e fomentando a educación viaria. Estas acción faranse en colaboración cos Centros Socioculturais (CSC) e nalgúns casos, conveniando con entidades.

14. Fomentaremos o voluntariado, tanto a través da Cruz Vermella como retomando a colaboración doutrora coa USC. Esta acción ten a urxencia de preparar un esquema de voluntariado eficaz e poderoso que poida funcionar ao longo do Xacobeo 2021.
15. Estableceremos un programa de saúde bucodental para persoas sen recursos en risco de exclusión social, en colaboración coa Facultade de Odontoloxía da Universidade de Santiago.
16. Retomaremos e reformaremos as colaboracións con entidades sociais do ámbito da diversidade funcional, sensorial e intelectual (Fademga, Cogami, Assoc. de xordos, Down, ONCE, ASPAS, Sarela, ASPANAES...), e abordaremos proxectos de promoción e capacitación no ámbito da formación para o emprego.
17. Elaboraremos un plan de accesibilidade da cidade, que inclúa tamén a eliminación de barreiras sensoriais e intelectuais para facilitar o acceso das persoas con dano cerebral adquirido a actividades e servizos
18. Promoveremos a linguaxe inclusiva en documentos, actividades, edificios e instalacións municipais
19. Favoreceremos o uso dos CSC como centros de día e a participación das persoas con diversidade nos actos e actividades organizadas polo Concello.
20. Potenciaremos o emprego das persoas con diversidade funcional a través da reserva de prazas para persoas de difícil inserción.
21. Promoveremos a Responsabilidade Social Corporativa nas empresas coas entidades do terceiro sector.
22. Promoveremos, facilitaremos e apoiaremos a creación de centros/servizos por parte das entidades de iniciativa social.
23. Comprometémonos a dotar aos parques infantís da cidade de elementos de xogo adaptados para a infancia con discapacidade: randeiras, tobogáns, balancíns, etc.; de forma que sexa una realidade que calquera menor poida, sen distinción, xogar e participar da vida dos parques infantís nesta cidade.
24. Impulsaremos a mellora do transporte adaptado (taxis, autobuses...), e o acondicionamento de beirarrúas e outras instalacións.
25. Manteremos o “Servizo de información, orientación e asesoramento a persoas inmigrantes e retornadas” que se presta na UAMI, pero establecendo como primeira actuación o programa de primeira acollida no Concello das persoas inmigrantes e retornadas.
26. Lanzaremos programas de sensibilización social na oferta de actividades municipais a centros escolares: interculturalidade nas aulas. Deseñaremos e impulsaremos programas de formación para sensibilizar acerca da realidade migratoria e da importancia dunha convivencia en paz, con respecto aos dereitos humanos de todas e todos.

27. Traballaremos nos colexios e institutos coa finalidade de que os estudantes traballen e reforcen valores fundamentais como a solidariedade, a empatía e o respecto mutuo e a convivencia, creando espazos de aprendizaxe que xeren convivencia.
28. Favoreceremos a integración das persoas inmigrantes doutras culturas e linguas a través da oferta de programas de aprendizaxe das linguas oficiais así como coñecementos básicos da lexislación española, atendendo dun xeito especial a materia de igualdade.
29. Traballaremos para que a Xunta de Galicia reduza os tempos de avaliación da discapacidade e da dependencia, para facilitar o acceso das familias ás prestacións que facilitan a súa vida.
30. Impulsaremos e facilitaremos a construción, por parte da Xunta de Galicia, dunha nova residencia de maiores que amplíe a oferta de prazas públicas na nosa cidade.
31. Poremos a disposición da Xunta de Galicia de solo para a construción dunha residencia adicional no horizonte de 2023.
32. Traballaremos para que a Xunta de Galicia complete a dotación de centros de día existentes na cidade de Santiago de Compostela, con alomenos un centro de día na contorna do Casco Histórico e outro no Ensanche, ademais dun centro para a zona rural.
33. Estableceremos un fondo de emerxencia social para atender as necesidades imprevistas sobrevidas.

#### UNHA CIDADE MÁIS SÁ E SAUDÁBEL

1. Elaboraremos un plan de saúde local, contando coa cidadanía e articulando unha rede local que traballe para a mellora da saúde e benestar dos seus veciños.
2. Realizaremos, en colaboración con asociacións do sector da saúde, campañas de información anual para o coñecemento, a prevención de enfermidades e a adopción de estilos de vida saudábeis.
3. Introduciremos na acción municipal de xeito sistemático a mellora e coidado das condicións sanitarias: control de auga, control de pragas, desinsectación, control e animais abandonados, parques infantís de hixiene e campos de xogo de animais ao aire libre.
4. Para perfeccionar a seguridade xurídica para comercios e usuarios modificaremos a ordenanza de salubridade nos seus aspectos sanitarios, mediante un proceso de diálogo e acordo cos sectores implicados.
5. Incorporaremos o consumo á temática do Consello Municipal de Saúde.
6. Promoveremos programas para a prevención de comportamentos de risco para a saúde, especialmente en relación coas drogas e os efectos do alcohol e do tabaco.
7. Implantaremos as escolas de pacientes a través das actividades da rede de centros socioculturais do concello.



8. Impulsaremos, xunto coa FANPA, campañas para promover unha alimentación saudábel; un tema que afecta especialmente aos menores, cun aumento progresivo da obesidade infantil. A través dun acordo coa Fundación Dieta Atlántica, implementaremos, nos comedores escolares nos que a xestión é competencia do Concello, a Dieta Atlántica para os menús.
9. Implantaremos un Plan de atención ás persoas afectadas por enfermidades de transmisión alimentaria, en colaboración co Ministerio de Educación e a FANPA
10. Desenvolveremos campañas de saúde dental para persoas maiores, persoas con diversidade funcional e menores; e singularmente das persoas en risco de exclusión social, a través dun acordo coa USC.
11. Promoveremos a cesión de terreos para que a Xunta de Galicia constrúa o Centro de Saúde de Conxo.
12. Iremos promover, coa colaboración da Xunta de Galicia, o Plan Director do CHUS (Complejo Hospitalario Universitario de Santiago).
13. Impulsaremos novos métodos de tratamento e estratexias para resolver o problema dos contaminantes emerxentes de laboratorios de investigación e hospitais situados no noso municipio.

#### COMPOSTELA, CIDADE EDUCADORA

1. Compostela declárase cidade educadora e, polo tanto, asume a responsabilidade de estender as políticas educativas máis alá do marco escolar como un eixo transversal dentro do proxecto de cidade no que estamos empeñados desde hai moitos anos.
2. Reformaremos e impulsaremos o Consello Municipal de Educación, cunha representación das escolas infantís e a formación permanente de persoas adultas, ampliando a presenza de instancias educativas da cidade (museos, bibliotecas, escolas de música...), máis alá da educación regrada.
3. Crearemos a Rede Municipal de Escolarización como instrumento de información e de xestión da escolarización en educación infantil, primaria e secundaria; para axudar ás familias no proceso de preinscrición e de matriculación nos distintos centros docentes da cidade, públicos e concertados; coa pretensión de favorecer unha distribución equilibrada e coherente do novo alumnado que chega á nosa cidade, e daquel con necesidades educativas especiais
4. Poremos en marcha un Foro de Coordinación Pedagóxica que xunte ás institucións e ás entidades cidadáns que ofrecen actividades educativas, documentación e todo tipo de recursos para escolares, familias e para a cidadanía no seu conxunto; co obxectivo de establecer un Programa Estratéxico de Colaboración Educativa Municipal.
5. Promoveremos un programa de orientación e apoio ao estudo, en colaboración coas ANPAS, que utilice os medios telemáticos.

6. Desenvolveremos unha oferta de programas de formación para as familias, reforzando as “Escolas de nais e de pais”.
7. Desenvolveremos campañas respecto da corresponsabilización dos pais na atención e na educación dos fillos e das fillas.
8. Comprometémonos a continuar co incremento do número de prazas públicas en Educación Infantil, traballando coa administración autonómica para dotar de escola infantil a Santa Marta, reivindicando así mesmo que a Xunta de Galicia abra unha escola infantil destinada aos seus traballadores/as nas proximidades de San Caetano.
9. Poremos en marcha unha experiencia piloto de apertura en horario nocturno dunha escola infantil municipal dirixida a familias que, pola súa situación laboral ou especial, necesiten esta axuda (familias monoparentais, traballadores de quendas, gardas...)
10. Apoiaremos programas de colectivos e asociacións que traballan en Santiago con menores e adolescentes en situación de risco.
11. Reforzaremos os programas de lecer nos fins de semana e nos períodos vacacionais, dando continuidade á activa actuación do concello nesta materia ao longo dos anos: Nadalxogo, Ferradura aberta, Escola de verán de inglés; outras escolas de verán; campamentos; clubs; actividades culturais de música e de teatro; exposicións, etc.
12. En concreto, fomentaremos o programa de aprendizaxe de inglés, con inmersión lingüística (**Compostela fala inglés**) en períodos vacacionais para nenos/as de familias con menos recursos. O noso compromiso é lanzar o programa para 250 beneficiarios, comezando no verán de 2020.
13. Subscribiremos acordos de colaboración para un maior aproveitamento de instalacións distribuídas pola cidade (deportivas, bibliotecas, de asociacións de tempo libre, escolas rurais), que axudan á conciliación da vida familiar.
14. En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística e colectivos e empresas do sector, realizaremos programas de formación lingüística para inmigrantes, así como outras accións en prol da súa integración.
15. Reforzaremos os programas de prevención do absentismo e fracaso escolar e demandaremos da administración autonómica que facilite unha oferta formativa específica, de capacitación para ao emprego, aos mozos que rematan ESO sen continuar os estudos e sen inserción no mercado laboral.
16. Impulsaremos de acordo coa Administración Educativa e os axentes sociais, a coordinación da oferta formativa profesional da cidade e as oportunidades de colaboración entre o mundo laboral e o sistema educativo, reclamando a implantación de novos ciclos formativos daquelas familias que presenten unha mellor perspectiva laboral, como é o caso do turismo, o mantemento de servizos á produción, a sanidade, o sector agroalimentario, as novas tecnoloxías, e as comunicacións, entre outros. Reclamaremos a ampliación da Formación profesional dual, prestando a máxima colaboración desde o concello.

17. Traballaremos conxuntamente coa administración educativa e os equipos de dirección dos centros, para estender, cando menos a dous centros de FP máis, o programa de “Viveiro de empresas”.

18. Insistiremos diante da Xunta de Galicia sobre a necesidade de dotar de novos espazos, coa calidade requirida, á Escola Oficial de Idiomas, que permitan atender a enorme demanda existente.

19. Continuaremos a traballar de forma coordinada coa Consellería de Educación para actualizar e modernizar a rede escolar de Santiago mediante unha planificación da actualización e modernización das infraestruturas educativas que ten que desenvolver a Consellería de Educación de acordo co concello de Santiago: renovación e mellora dos sistemas de calefacción para unha mellor eficiencia enerxética, mellora do illamento térmico e acústico, comedores escolares, viabilidade dos novos sistemas de ensino baseados nas tecnoloxías da información e a comunicación, dotación e adecuación do equipamento ás novas necesidades educativas, por citar algunhas.

Asemade, plantexaremos a revisión do mapa escolar, para corrixir os desaxustes que se están a producir na zona sur; ou de ser preciso, reclamaremos a construción dun novo centro educativo.

20. Seguiremos a apoiar, dentro das competencias municipais, os programas existentes que facilitan a compatibilidade entre actividade laboral de pais e nais e a escola; como “Madrugadores” ou “Comedores Escolares”. Demandaremos da Xunta de Galicia a súa implicación para que poidan manterse estes programas, substituíndo cando sexa preciso ás ANPAS no seu labor.

21. Garantiremos que ningún neno/a quede sen acceder ao comedor escolar por falta de recursos na súa familia, e que as solicitudes de bolsas de comedor estean resoltas ao inicio do curso escolar.

22. Seguiremos desenvolvendo a campaña de animación á lectura, elemento de transformación e de igualdade social. Reforzaremos todo tipo de accións en prol da animación á lectura e a promoción do libro, garantindo a campaña anual de animación á lectura, o “Premio Internacional Compostela” de álbumes ilustrados, así como outras propostas de colaboración coas bibliotecas escolares.

23. O Centro de Interpretación do medio rural da Portela será o lugar escollido para a programación de actividades de extensión escolar e contacto coa natureza.

24. Impulsaremos a educación musical reforzando a Escola Municipal de Música, buscando a colaboración co Auditorio de Galicia, a Banda Municipal e a rede de centros de educación musical con que contamos na cidade.

25. Manteremos os programas educativos de apoio á escola (educación ambiental, para a paz e a solidariedade, viaria e de autoprotección, afectivo-emocional e sexual, linguaxes artísticas...)

26. Realizaremos campañas de fomento de actitudes respectuosas co noso medio.
27. Difundiremos o patrimonio histórico da cidade co reforzo do programa de educación patrimonial “Vivir Santiago de Compostela”, así como con propostas de colaboración co Consorcio da Cidade de Santiago e outras institucións e colectivos da cidade que traballan neste ámbito.
28. Seguiremos traballando para garantir un acceso seguro aos equipamentos municipais, especialmente aos centros educativos; e un plan de seguridade viaria que favoreza os desprazamentos dos escolares.
29. Continuaremos creando zonas de xogo infantís seguras, co obxectivo de manter espazos de relación interxeracionais.

### III. A CIDADE EN FORMA

#### INFRAESTRUTURAS

1. Comprometémonos a desenvolver un novo centro deportivo na zona sur da cidade, incorporando unha nova piscina que complemente as instalacións existentes; destinada a clubs de natación, waterpolo e triatlón e aberta a demandas de novos usuarios; e especializada pola mañá no uso escolar, no uso terapéutico para persoas maiores, en programas para mulleres embarazadas, bebés, etc.
2. Comprometémonos ao recubrimento do piscina de Fontes do Sar. O proxecto incluírá: o acondicionamento da piscina actual, a eliminación do globo periosteal, e a equipación cun revestimento retráctil. A calidade para o usuario sería mellorada, así como un aforro de calefacción máis que evidente.
3. Construiremos un novo pavillón con salas de uso múltiple. Será unha instalación funcional, destinada especialmente para o adestramento deportivo minoritario: artes marciais, ximnasia rítmica, loita, etc.; con gran demanda.
4. Impulsaremos unha instalación especializada nas disciplinas relacionadas co mundo da raqueta: tenis, padel, squash, tenis de mesa, bádminton, etc.
5. Recuperaremos o proxecto, en colaboración coa Federación Galega de Fútbol, para facer unha nova instalación en San Lázaro.
6. Faremos un Plan director de mantemento, mellora e accesibilidade do conxunto das instalacións actuais (pavillóns, pistas exteriores, campos de fútbol, etc.)
7. Recuperaremos rutas de sendeirismo, aproveitando os enormes espazos naturais da nosa cidade, para facer rutas homologadas e accesibles, de distinto nivel de dificultade, que posibiliten usuarios de moi diferentes niveis.
8. Expandiremos os carrís bici, acondicionando espazos actuais e desenvolvendo novas rutas. Comprometémonos a enlazar Fontiñas co camiño de Sar-Banquete Conxo-A Rocha, e a estudar a posibilidade de ligar este carril co acceso a Medicina e ao Campus Sur. Comprometémonos tamén a impulsar un carril bici entre o Campus Sur e o Campus Norte da USC.

#### DEPORTE COMO INVESTIMENTO EN CALIDADE DE VIDA

9. Facilitaremos, con apoio municipal, o aproveitamento das instalacións escolares fóra do horario escolar para uso de entidades e asociacións diferentes e, nalgúns casos, para uso aberto da cidadanía (por exemplo, a pista anexa a Rodrigo de Padrón).

10. Planificaremos o uso de instalacións deportivas ao aire libre para promocionar o seu uso a través de campionatos, xogos tradicionais, etc.; entre os diferentes barrios da cidade.
11. Fomentaremos o avellentamento saudábel e activo. Utilizaremos os Centros Socioculturais para desenvolver un plan específico de actividades deportivas dirixidas ás persoas maiores da cidade. Non só con actividades de interior, senón tamén en diferentes rutas de sendeirismo, o aproveitamento dos distintos circuítos biosaudábeis, etc.
12. Fomentaremos a práctica deportiva de integración mediante un plan específico dirixido a diferentes grupos: con exclusión social, con diversidade funcional, etc.
13. Estableceremos unha cooperación transversal coa concellaría de Mocidade para realizar actividades deportivas no verán: surf, vela, mergullo, etc.

#### DEPORTE FEDERADO E FEDERACIÓNS DEPORTIVAS

14. Apoiaremos con axudas específicas aos clubs que participan nos campionatos nacionais durante toda a tempada deportiva.
15. Asesoraremos aos clubs para a solicitude e xustificación das distintas subvencións outorgadas por entidades públicas ou privadas.
16. Estableceremos un convenio coa USC para o uso aberto e mantemento das distintas instalacións deportivas que xestiona a Universidade.
17. Promocionaremos eventos clásicos da nosa cidade (Volta ciclista da Ascensión, Rally Botafumeiro, Festa do Escalo etc...), que nos coloquen no panorama deportivo,
18. Integraremos na imaxe de marca de Compostela eventos deportivos de alto nivel, especialmente en datas de menor influencia turística (meses de outubro-marzo). Especificamente, traballaremos para integrar na programación do Xacobeo 2021, e logo na do 2027; eventos deportivos que teñan lugar ou rematen en Compostela e contribúan a promocionar a nosa cidade (maratón ou media maratón do camiño ou probas do circuítu de triatlón...)
19. Melloraremos os criterios de avaliación e a dotación das axudas aos diferentes clubs da cidade.
20. Estableceremos convenios para a creación de bolsas de estudo para atletas individuais de alto nivel, posibilitando que poidan seguir xogando nos clubs da cidade.
21. Asinaremos un Acordo coas distintas Federacións Deportivas para o desenvolvemento de diferentes cursos: Primeiros auxilios, Dieta e nutrición, Titulacións deportivas, etc.

#### IV. A CIDADE A ESCALA HUMANA.

##### A XESTIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE

1. Potenciaremos o sistema de transporte individualizado en bicicleta, aumentando a rede de puntos de aluguer; realizando o Plan Director da Bicicleta, que estableza de xeito progresivo carrís-bici que conecten os principais centros de atracción de tráfico da cidade; e ampliando notablemente e sinalizando as zonas 30. As vías de sentido único englobadas no noso casco urbano, pasarán a ser zonas 30.
2. Potenciaremos as “vías de estar”, como espazo de convivencia para o vehículo particular e a bicicleta, poñendo deste xeito a bicicleta como o segundo chanzo da mobilidade na cidade.
3. Promocionaremos a mobilidade mediante vehículos eléctricos, para o que se procurará a instalación de “electrolineras” no ámbito urbano, en colaboración con outras administracións.
4. Convocaremos o novo concurso de prestación do servizo de transporte urbano, que deberá dar resposta, dentro do marco legal vixente, ás demandas de conectividade dos núcleos rurais e permitir mellorar a conexión dentro do ámbito urbano
5. Renovaremos a frota de autobuses incorporando os vehículos mais modernos, que faciliten a accesibilidade e a comodidade e sexan compatibles co desenvolvemento sustentable
6. Ampliaremos a fiabilidade do transporte público informando do paso exacto por cada parada, cun SAE (Sistema de Axuda a Explotación) que permitirá contar, de xeito progresivo, cunha información máis exacta, colocando nas paradas máis representativas da rede os pasos exactos.
7. Incorporaremos innovadores sistemas de información ao usuario, coa instalación de máis postes informativos de próxima chegada nas paradas da rede por número de usuarios (un mínimo de 40 postes informativos ao longo do próximo mandato).
8. Instalaremos a bordo dos novos autobuses un sistema de aviso sonoro e visual da próxima parada.
9. Realizaremos un novo Plan de Mobilidade Urbana de Santiago 2020/2030, coa revisión dos traxectos das principais liñas do transporte urbano (L-1, L-5, L-6 e L-11), nas que se concentran o 61% dos viaxeiros; estudando a súa preferencia en cruces, carrís exclusivos e outras actuacións de mellora, ao ser liñas que prestan servizo ao conxunto da cidade e da rede.
10. Impulsaremos o carril bus por onde circulan unha boa parte das liñas urbanas, para mellorar a súa velocidade.
11. Reordenaremos o sistema de liñas de transporte urbano para mellorar a coordinación con outros modos e cubrir demanda potencial non servida.

12. Procuraremos a mellora das conexións entre os aparcamentos disuasorios de borde xa existente e o centro da cidade.
13. Analizaremos e melloraremos a sinalización da cidade, con especial atención aos aparcadoiros disuasorios, aparcadoiros soterrados, centros de atracción e xeradores de viaxeiros, zonas de “convivencia” e zonas con pacificación do tráfico.
14. Melloraremos na accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida, no tocante ás infraestruturas de transporte.
15. Completaremos a rede semaforica con son.
16. Completaremos a transformación dos pasos de peóns en pasos asimétricos, asegurando deste xeito a seguridade dos mesmos.
17. Revisión da mobilidade no rural do municipio, estudando a implantación de sistemas de transporte á demanda ou circuitos con autobuses a varias zonas do rural, optimizando os recursos e mellorando o servizo existente.
18. Melloraremos as infraestruturas de transportes, con especial interese nas marquesiñas rurais onde, por parte da empresa municipal TUSSA, se realizará un seguimento continuado do estado das mesmas, realizando as tarefas de limpeza e mantemento necesarias para mantelas en un bo estado.
19. Impulsaremos a unificación do esquema tarifario da ORA en toda a cidade. Ampliaremos as prazas reservadas para residentes.
20. Seguiremos coa política de aparcamentos de residentes.
21. Potenciaremos os aparcamentos de borde da cidade, mellorando a frecuencia e inmediatez da súa conexión por medio do transporte urbano co centro da cidade, revisando a política de tarifas para facelo competitivo e procurando as localizacións máis útiles.
22. Faremos, desde TUSSA, unha proposta para a reordenación da xestión do aparcamento do CHUS, que facilite o cumprimento da súa función de servizo aos usuarios e traballadores do hospital e permita mellorar o tráfico da zona.
23. Converteremos o Ensanche nunha zona de estar, con prioridade para residentes e comerciantes nas vías de menor capacidade.
24. Presentaremos á Xunta de Galicia o proxecto de creación dun Consorcio de Transportes na Área Metropolitana de Santiago de Compostela, que coordine o servizo co transporte urbano.
25. Nesta liña, traballaremos para a conformación dunha liña integrada de transporte urbano e interurbano entre Os Ánxeles (Brión) e o Polígono do Tambre, que dea servizo a Bertamiráns, Aldea Nova, Roxos, Hospital Clínico, Campus Sur Universitario, Virxe da Cerca, Estación de Autobuses, San Caetano, Salgueiriños e Polígono do Tambre, podendo continuar ata Sigüeiro.



26. Proporemos ao organismo autonómico a necesidade de coordinar de maneira eficiente os servizos de transporte nas zonas rurais e crear un novo marco que ben podería estar integrado no Consorcio que proporá o Concello de Santiago, acadando así a posibilidade de dotar dun maior número de servizos ao noso rural.

27. Traballaremos para optimizar a conexión con autobús desde o centro da cidade, singularmente a Estación Intermodal, co aeroporto de Lavacolla, reducindo o número de paradas intermedias e aumentando a frecuencia; en aras de conseguir liñas de punta a cola.

## A CIDADE SEGURA

1. Impulsaremos a redacción e posta en marcha dun Plan de Seguridade Municipal 2020/2030, que inclúa a dotación de persoal e a renovación de material.

2. Fortaleceremos a coordinación coas Forzas de Seguridade, facilitando o intercambio de información, co obxecto de previr a delincuencia e mellorar a seguridade cidadá.

3. Facilitaremos o achegamento dos Servizos de Seguridade Local á cidadanía, garantindo unha canle directa de comunicación entre os cidadáns e a Policía Local.

4. Cubriremos vacantes para que, nun proceso progresivo e dentro das posibilidades do marco legal, o cadro de persoal da Policía Local se achegue ao existente en 2010.

5. Potenciaremos o papel da Policía Local en materia de violencia de xénero e protección dos dereitos fundamentais.

6. Tamén en mediación social e en colaboración cos Servizos Sociais, incorporando expertos da Policía Local ao Servizo de Mediación Municipal.

7. Crearemos unidades de policía de barrio adscritas á Cidade Histórica, ao Ensanche, ás Fontiñas e ao rural.

8. Impulsaremos a renovación tecnolóxica dos Servizos da Policía Local, co obxectivo de facer unha xestión máis eficaz dos recursos. Os programas de xestión integral do servizo da Policía Local serán unha prioridade na próxima lexislatura, así como a evolución no sistema de video-vixilancia e a modernización da central receptora de alarmas.

9. Poremos en marcha políticas específicas dirixidas a loitar contra a pequena delincuencia, reforzando as competencias da Policía Local.

10. Continuaremos coas políticas de control do ocio nocturno para minimizar as consecuencias sobre os veciños/as da nosa cidade: control dos locais, control dos espazos públicos, atención aos veciños.

11. Axustaremos a Ordenanza de Residentes, para priorizar o uso do espazo de aparcamento en superficie polos residentes dos barrios.

12. Fortaleceremos a coordinación coas Forzas de Seguridade en materia de tráfico, a través de controles conxuntos co CNP (Corpo Nacional de Policía) e ca Garda Civil, reforzando a eficacia na prevención de accidentes

13. Desenvolveremos o programa “Zona 30”, co obxectivo de reducir a velocidade excesiva nas vías da cidade, para conseguir unha circulación máis segura, e reducir a accidentalidade “in itinere”. Aplicaremos este programa, que facilita a circulación en bicicleta e a utilización de transporte público alternativo, ao conxunto da zona urbana (rede local), tanto interna como ás vías de gran capacidade.
14. Potenciaremos a colaboración cos centros escolares, garantindo unha atención próxima á comunidade escolar, especialmente en materia de mobilidade e educación vial, emerxencias, etc..
15. Substituiremos nos semáforos o tradicional sistema de “bombillas” polo sistema LED.
16. Poremos as novas tecnoloxías ao servizo dos cidadáns, substituindo o tradicional sistema de denuncias por “blackberry” e transmitindo a información de tráfico en tempo real a través das pantallas dixitais que a DXT instalou na cidade
17. Melloraremos o acceso ao Casco Histórico, a través do sistema de control de accesos
18. Desenvolveremos o programa de xestión de atestados, que nos permite identificar os “puntos negros” de siniestralidade e actuar na mellora da seguridade vial
19. Aprobaremos unha Ordenanza de Convivencia Cidadá, que estableza os dereitos e deberes veciñais, e o uso dos espazos públicos, facilitando a compatibilidade dos diversos usos da cidade.
20. Impulsaremos a colaboración cos axentes sociais (asociacións empresariais, culturais, de comerciantes...), a través dos Consellos Municipais e das Mesas sectoriais; para mellorar a convivencia cidadá.
21. Impulsaremos a formación específica do Corpo de Bombeiros na protección do patrimonio histórico nos conxuntos monumentais, potenciando os exercicios e simulacros na Cidade Histórica.
22. Comprometémonos a concluír a construción do edificio do Parque de Bombeiros.
23. Fortaleceremos e complementar o Plan de Emerxencias Municipal cos Plans de Evacuación dos edificios e equipamentos municipais.
24. Colaboraremos co resto das institucións e empresas da cidade en simulacros de incendios e implantación de Plans de Autoprotección.
25. Promoveremos a elaboración de protocolos e plans de actuación dos Servizos de Emerxencias do Concello, afondando na coordinación de accións ante as situacións de emerxencia.

## ACTIVANDO Á XUVENTUDE

1. Comprometémonos a impulsar os programas de acción xuvenil que xa funcionan en Compostela: a oficina municipal de información xuvenil, os programas de fomento do voluntariado, as accións para a promoción e difusión dos grupos de música, os programas de prevención de drogodependencias e educación afectivo-sexual, os cursos e talleres en diversos ámbitos, o apoio ao asociacionismo xuvenil, o ocio alternativo (música, cine, skate e cultura urbana...)
2. Reactivaremos a Casa da Mocidade, que será un centro de información ademais dun espazo de formación, ocio e de presenza das asociacións da mocidade.
3. Apoiaremos a educación afectivo/sexual, que inclúa talleres de sexualidade saudábel para adolescentes. Ademais, levaranse a cabo accións, xunto coas asociacións de LGTB, en centros educativos; para concienciar da diversidade afectivo-sexual coa finalidade de erradicar as fobias a estes colectivos. O mesmo tipo de campañas levarémolas a cabo en relación con temas de drogodependencia, alcohol, tabaco, sexualidade, educación viaria, violencia de xénero...
4. Así mesmo, comprometémonos a manter os espazos de uso dos mozos e mozas (Centro Xuvenil Municipal do Ensanche, o Local 10 para o ensaio de grupos musicais).
5. Ampliaremos estas infraestruturas co **Centro Xove de Creación Cultural**. Este centro nace coa vocación de converterse nun referente da creación artística e cultural de Compostela.
6. Así mesmo, fomentaremos que existan espazos para actividades xuvenís nos Centros Socioculturais de referencia (Fontiñas, Conxo, Vite)
7. Promoveremos programas de emprendemento cunha orientación específica para mozos/as (Crear V, Programas de cooperación, cursos FIP) ou servizos xerais (de apoio a empresas, Rede de Cooperación Local, etc.).
8. Desenvolveremos un programa experimental de práctica en empresas para persoas en período de formación, que constitúa un primeiro contacto co mercado laboral. Fomentaremos ese tipo de experiencias nas empresas e departamentos municipais.
9. Fomentaremos as vivendas en aluguer con acceso preferente para os mozos/as e as persoas maiores sen recursos. Vivendas con superficie reducida e servizos comúns, con contratos a duración determinada.
10. Poñeremos en marcha un portal mozo de aluguer, onde se anuncien vivendas que estean en aluguer, intentando fomentar a ocupación das vivendas desocupadas. Este portal, servirá así mesmo para poñer en contacto a mozos/as que busquen compartir piso.
11. Colaboraremos con outras administración na potenciación do transporte nocturno, os xoves, venres e sábados, para reducir o risco de accidentes.

## APOSTA POLA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Santiago, coa universidade integrada no centro da cidade, así como a grande cantidade de espazos verdes e instalacións sociais e de ocio... é “a cidade amigable”.

A capital de Galicia presenta un espazo relacional ideal que permite implementar de forma natural accións e proxectos interxeracionais e converterse, aínda máis, en referencia de convivencia.

Unha Compostela Interxeracional é o mellor laboratorio para implementar proxectos que nos conduzan a un futuro máis sostible e amigable, e seguir a senda xa iniciada neste senso desde diferentes ámbitos como o servizo de voluntariado da USC ou a proposta relacionada coa Innovación Social Interxeracional que se está a desenvolver dentro da liña “comunicación sen barreiras” do Grupo de investigación Estudos Audiovisuais.

Necesitamos transferir á mocidade os “excedentes de coñecemento das e dos sénior e tomar deles a súa ousadía e vitalidade”.

1. Reactivaremos os Consellos de Participación Cidadá, estimulando a colaboración e a sinerxia entre a institución e as entidades sociais da cidade.
2. Apostaremos por ofertar novos espazos para compartir o social e o sociocultural e buscaremos a implicación de todos os sectores sociais no espazo publico da cidade.
3. Complementaremos con axuda técnica e prestacións económicas ao movemento asociativo.
4. Traballaremos por facer un Concello cada vez mais preto da cidadanía, polo que se instaurarán días de visitas dos distintos colectivos á Casa do Concello
5. Darémoslle un impulso á Casa das Asociacións de Cornes, practicamente inutilizada nestes momentos, para que volva ser a Casa do movemento asociativo dos e das compostelans/ás e convertela no espazo común de encontro e relación dos veciños e veciñas
6. Poremos a funcionar a aula de novas tecnoloxías da Casa e impulsaremos o espazo dixital asociativo
7. Promoveremos que A Casa das Asociacións sexa un **espazo para a mediación de conflitos** impulsando o funcionamento dun Centro Municipal de Mediación Cidadá. Con este servizo Compostela volverá a formar parte da Rede de Cidades pola Conciliación.
8. Coparticiparemos coa cidadanía nas festas tradicionais, San Xoán, entroidos e magostos públicos para que sirvan de espazo de lecer e encontro cidadá.
9. Impulsaremos encontros da veciñanza.
10. Traballaremos de cara o Xacobeo 2021 coa cidadanía e as asociacións e impulsaremos o voluntariado, na tarefa de facer unha cidade máis acolledora.
11. Impulsaremos o recoñecemento público das persoas proactivas en canto a participación, e do movemento asociativo.

12. Apostaremos por novas accións de comunicación apoiadas polas novas tecnoloxías para ampliar as redes sociais de todo o entramado asociativo compostelán
13. Activaremos a participación apoiando o desenvolvemento, a difusión e a participación activa da cidadanía nos distintos plans municipais; como o de Igualdade ou o de Mobilidade, os consellos municipais, as comisións cidadás, as axendas locais e outros.
14. Traballaremos por mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas, promovendo actividades lúdicas, rutas de sendeirismo, bailes de maiores, talleres de cociña saudábel, debates e encontros cidadáns e de colectivos con expertos en saúde, etc.
15. Promocionaremos a acción multicultural, favorecendo unha relación dialóxica coas asociacións de inmigrantes, difundindo a súa cultura e colaborando en encontros, mostras, etc.
16. Propiciaremos a participación activa da cidadanía nas actividades culturais da cidade, con novos programas de ocio e tempo libre propiciados desde a propia concellaría de Participación Cidadá.
17. Fomentaremos a acción voluntaria organizada, apoiando a creación das asociacións e entidades que traballen en campos moi concretos e desenvolvendo distintas labores. Prestarase unha atención especial á acción voluntaria que emerxe nos estratos sociais moi localizados (xuventude, maiores...)

#### COMPROMISO COA IGUALDADE

1. A igualdade será un eixo transversal en calquera acción do Concello. Impulsaremos as políticas de igualdade mediante o reforzo da súa inclusión no organigrama municipal:
  - A Concellaría de Igualdade estará vencellada directamente coa Alcaldía
  - O Consello Municipal de Igualdade, coa participación de todo o tecido asociativo de mulleres e sindical, contará con recursos e competencias ampliados, e un calendario semestral de reunións decididas polo propio Consello.
  - Elaboraremos unha nova diagnose de Igualdade en Compostela para avaliar a eficacia das accións do IV Plan de Igualdade en aras de traballar no V (2021-2025) que, poñendo o foco naquelas eivas ou problemáticas máis urxentes, se elaborará coa colaboración e achegas da cidadanía, e especialmente das organizacións de mulleres, con calendario e recursos humanos e materiais axeitados, con difusión e avaliación regular epública da súa aplicación.
  - Darémolle perspectiva de xénero aos orzamentos municipais e fomentaremos a perspectiva de xénero nas políticas que se establezan nas distintas áreas, de xeito que o Consello Municipal de Igualdade deberá informar os proxectos de regulamentos municipais.
  - Avaliaremos o cumprimento de criterios de igualdade (salarial, conciliación...) nas empresas concesionarias.

2. Comprometémonos a garantir unha presenza equilibrada de mulleres nos diversos órganos municipais así como nos organismos autónomos e consellos de administración das empresas municipais ou similares.
3. Reforzaremos a Casa Xohana Torres como cabeza dunha rede que debe ter presenza nos centros socioculturais. Será a sede do núcleo central de impulso das políticas de igualdade.
4. Estableceremos un compromiso para desenvolver todas as medidas con implicación local contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e os acordos de Galicia, co obxectivo de evitar todas as agresións e actuar na defensa das vítimas se a pesar de todo estas teñen lugar.
5. En concreto, comprometémonos a reforzar a Mesa Local contra a Violencia de Xénero, coa participación de representantes das diferentes administracións, forzas e corpos de seguridade e representación de grupos políticos municipais e principais axentes (xustiza, entidades de mulleres, etc), para traballar na prevención, asistencia e protección e coordinar o traballo nos diferentes eidos e entre as administracións.
6. Impulsaremos un protocolo que reforce as actuacións da Policía Local na prevención da violencia de xénero e na atención ás vítimas.
7. A través do Centro de Información á Muller (CIM), elaboraremos e difundiremos unha guía de recursos para mellorar a situación da muller en Compostela que permita un achegamento ás políticas de formación e emprego existentes, así como as de detección de situacións iniciais de violencia de xénero. É prioritaria a creación de itinerarios persoais de intervención ou derivación.
8. Impulsaremos campañas específicas para evitar a violencia contra a muller durante as festas. Instalaremos puntos lilas nas festas centrais da cidade e nas que teñan lugar nos barrios, cuxo obxectivo sexa a información á cidadanía e o apoio ás mulleres que sufran situacións de acoso ou violencia sexual ou física.
9. Traballaremos para combater a precarización, o desemprego e a fenda salarial existente na nosa cidade, dentro das competencias que ten o Concello.
10. Colaboraremos coas asociacións e colectivos que traballan na mellora das condicións das mulleres que poidan sufrir unha dupla discriminación, como as mulleres de etnia xitana, migrantes, vítimas de malos tratos ou en situacións de exclusión social, facilitándolles espazos de traballo na Casa das Asociacións de Cornes, apoiando as súas accións e divulgando o seu traballo. Así mesmo, poremos en marcha obradoiros de emprego e apoiaremos fórmulas como as cooperativas de mulleres.
11. En relación ás mulleres migrantes, dotarase dos recursos necesarios o CIM para que poida dar resposta ás súas demandas e as axude no seu empoderamento: apoio para realizar o Celga, información exhaustiva sobre as posibilidades que lle ofrece o Concello, axudas para convalidar títulos académicos...

12. Impulsaremos campañas de sensibilización social que impliquen o conxunto da cidadanía. En colaboración coas ANPAS, promoveremos programas de prevención da desigualdade e contra os denominados micro-machismos en todos os centros educativos da cidade, así como en obradoiros que se desenvolvan dende o Concello.

13. Promoveremos cambios de estereotipos sociais con cursos e obradoiros para homes e mulleres nas asociacións veciñais, nos centros socioculturais, etc. nos que se evidencie que a influencia de estereotipos sociais é aínda unha realidade.

14. Daremos visibilidade a mulleres con traxectoria persoal e profesional destacada, con actos formais de recoñecemento público, exposicións itinerantes, encontros, etc... coa fin de que sexan referentes para as xeracións máis novas.

15. Continuaremos co debate sobre o reparto do tempo e os horarios da cidade con entidades empresariais, asociacións e colectivos de todo tipo para que cada vez se impliquen máis co uso do tempo e este vaia máis acorde coa corresponsabilidade dos coidados e a conciliación familiar, laboral e persoal.

16. De cara a favorecer a inclusión das mulleres en deportes claramente masculinizados, poremos en marcha accións específicas para fomentar o deporte feminino na cidade, nomeadamente nas nenas.

#### COMPOSTELA DIVERSA

1. Crearemos o Consello Municipal LGTBI, que contará con todo o tecido asociativo da cidade

2. Incluiremos a perspectiva LGTBI en proxectos e axudas sociais, habilitando plans específicos cando sexa necesario (Emprego, deporte..).

3. Traballaremos en colaboración con institucións como a USC para realizar informes e diagnoses en función de necesidades para elaborar propostas de acción estratéxicas sobre a situación das persoas

4. Colaboraremos con centros educativos e profesionais de servizos sociais e institucións socioeducativas para realizar programas de educación afectivo-sexual e de diversidade sexual e de xénero á vez que formar os profesionais da Administración para intervir satisfactoriamente con persoas LGTBI.

5. Promoveremos a creación dun Servizo de Mediación LGTBI contando cos recursos materiais e humanos existentes

6. Revisaremos todos os modelos, procedementos e solicitudes municipais normalizados para adaptalos á diversidade familiar e afectivo sexual da nosa cidade.

7. Desenvolveremos campañas de información, sensibilización e visibilización do colectivo LGTBI e, nomeadamente, do colectivo trans.

8. Elaboraremos un Plan contra a LGTBIfobia e a favor da diversidade sexual e de xénero

## UNHA CIDADE COOPERADORA

1. Comprometémonos a seguir impulsando proxectos de Cooperación e de sensibilización da cidadanía, para conseguir unha sociedade non só solidaria, senón consciente da responsabilidade global compartida á hora de procurar un futuro de progreso e benestar para todos e todas.
2. Neste senso, participaremos no Fondo Galego de Cooperación Municipal, incrementando de xeito progresivo o orzamento municipal.
3. Impulsaremos un programa de cooperación dirixido ás cidades Patrimonio da Humanidade e outras coas que temos lazos específicos, merecentes de axuda, no que poidan participar empresarios e institucións da cidade.
4. Fomentaremos que se inclúan contidos sobre Cooperación Internacional de desenvolvemento global nas actividades extraescolares deseñadas en colaboración coa comunidade educativa, para promover unha educación solidaria entre os mozos e mozas. Seguiremos cooperando co programa de “Vacacións en paz” para nenos saharauis.
5. Apoiaremos todas as iniciativas, como as de comercio xusto, que favorecen a entrada de fluxos de renda estábeis nos países máis necesitados, promovendo a sensibilización da cidadanía e o consumo dos seus produtos.



## V. COMPOSTELA, UNHA CIDADE DE OPORTUNIDADES: INNOVACIÓN-COMPETITIVIDADE-EMPREGO

### A FORMACIÓN, CLAVE

1. Impulsaremos un **Plan de Formación para o Emprego**, en colaboración cos axentes sociais, impulsando a formación permanente, especialmente dirixida á mocidade, aos parados de longa duración e aos sectores en risco de exclusión
2. Colaboraremos coa USC para facilitar una mellor adecuación dos estudos de grado e sobre todo de posgrao ás necesidades dos estudantes para una boa inserción profesional
3. Promoveremos a colaboración das empresas que operan en Compostela para a realización de prácticas profesionais para os estudos de grado e posgrao, que funcionen como vías de inserción laboral.
4. Cooperaremos coa Xunta de Galicia para a cualificación universitaria do **Centro Superior de Hostelería** de Galicia, xa iniciado pola Universidade de Santiago, que debería ser ademais un polo de referencia formativa e investigadora no ámbito do turismo e a restauración
5. Impulsaremos a extensión da FP dual a novas áreas temáticas e centros da cidade, así como todas aquelas iniciativas que teñan como obxectivo mellorar a calidade da formación profesional.
6. Reforzaremos a competencia en idiomas estranxeiros e outras capacidades para enfrontarse á procura de emprego poñendo en práctica programas específicos dirixidos á poboación potencial, utilizando os recursos municipais como a Rede de Centros Socioculturais.

### O EMPRENDEMENTO: COMPOSTELA, CIDADE DE OPORTUNIDADES

7. Dotarémonos dunha estrutura de acollida, de participación municipal, xunto coa Cámara de Comercio e a USC, a partir do actual CERSIA, volcado na difusión exterior das vantaxes de investir en Compostela e na súa imaxe de marca como cidade atractiva e innovadora, na captación de investimentos, así como no acompañamento ás iniciativas empresariais que queiran instalarse en Compostela para facilitar a súa radicación na cidade, actuando singularmente na propia administración municipal para facilitar a superación dos trámites burocráticos, a obtención das licencias que correspondan e, en xeral, a posta en contacto coas persoas, entidades ou asociacións que precise.
8. Modificaremos as ordenanzas fiscais para bonificar ás empresas de nova implantación e/ou ás que realicen investimentos de ampliación e mellora con creación de postos de traballo.
9. Asemade, habilitaremos unha estrutura administrativa específica para a tramitación das licenzas vencelladas á actividade empresarial.

10. Colaboraremos coa USC e a Cámara de Comercio para que Compostela conte cun “hub tecnolóxico”, con financiamento externo, que sirva para a atracción de talento e proxectos no ámbito biotecnolóxico

11. Ampliaremos esta colaboración para que, a través dos diversos instrumentos existentes, poñamos en marcha polos de emprendemento no ámbito do medio ambiente ou da produción audiovisual, fomentando a transferencia de coñecementos da universidade ao mundo do emprendemento e á empresa.

12. Manteremos a aposta coa USC por UNINOVA, facilitando a emerxencia de empresas spin\_off de base universitaria.

13. Colaboraremos coa Cámara de Comercio e a USC para ordenar e reforzar os instrumentos xa existentes para a promoción do emprendemento (incubadoras e aceleradoras de empresas, por exemplo) para evitar duplicidades e incorporar novos instrumentos de apoio, como o financeiro.

14. Poremos en marcha espazos para o desenvolvemento de experiencias innovadoras, de xeito que Compostela sexa unha verdadeira start-up city.

#### REFORZAR O COMPROMISO COA CIDADE

1. Reforzaremos o papel do Consello Económico e Social de Compostela para que sirva de instrumento de detección de necesidades das empresas establecidas así como de colaboradora na anticipación dos retos do futuro. Procuraremos a participación nos traballos do Consello das organizacións empresariais, profesionais e dos traballadores así como das empresas máis relevantes de Compostela.

2. Promoveremos a realización dun novo Plan estratéxico 20/30 para definir os retos da vindeira década e orientar a acción municipal.

3. Comprometémonos a facer de Compostela unha cidade capaz de captar talento e iniciativas empresariais, e facilitar, reducindo prazos e simplificando trámites, a instalación na cidade. Para o que precisamos

- Contar con solo empresarial especializado coa calidade requerida e en disposición de ser ocupado con rapidez
- Dotármonos dun organismo de participación municipal, xa antes citado..
- Neste senso, crearemos o Punto Único Empresarial dentro da estrutura de acollida de cara a centralizar a información ás empresas e facilitarlles a resolución das dificultades para a implantación de proxectos empresariais (trámites, permisos, licencias)

## FACER DO EMPREGO UNHA PRIORIDADE

1. Favoreceremos a inserción sociolaboral das persoas desempregadas, priorizando os colectivos con especiais dificultades de inserción: mulleres, persoas desempregadas de longa duración, mocidade, maiores de corenta e cinco anos, persoas con diversidade funcional, etc., a través da incorporación de cláusulas que a estimulen nos pregos de condicións dos contratos do Concello.
2. A través da Oficina de Promoción Económica, colaboraremos directamente coas áreas de información para o emprego, orientación e oferta de recursos para o autoemprego.
3. Apoiaremos o desenvolvemento de novos xacementos de emprego, fundamentalmente no Terceiro Sector.
4. Fortaleceremos o servizo de intermediación laboral, en colaboración co Servizo Galego de Colocación, para ofrecer ás persoas en situación de desemprego ou que queren un cambio de traballo, a posibilidade de acceder a ofertas de emprego directamente realizadas polas empresas.
5. A través da Oficina de Promoción Económica actuaremos proactivamente na promoción do emprego e facilitaremos aquelas iniciativas que procuren un incremento da calidade de vida e a creación de capacidades competitivas para a cidade, a partir dunha adecuada xestión dos seus activos e recursos.
6. Impulsaremos a adopción dunha orientación de xénero nas políticas de emprego.

## SOLO EMPRESARIAL COMUNICADO E DE CALIDADE

24. Impulsaremos a Estación de Mercadorías da Miñata (A Sionlla).
25. Impulsaremos o desenvolvemento dos parques empresariais pendentes, incluído o Científico-Tecnolóxico e o das Telecomunicacións “Cidade da Imaxe”.
26. Habilitaremos en solo municipal a construción de naves que se ofertarán en réxime de aluguer orientadas ás iniciativas empresariais que se poñan en marcha no Concello e aquelas vencelladas aos diferentes viveiros de empresas.
27. Fomentaremos a creación de reservas de uso de solo especificamente industrial nos parques empresariais vencelladas a unha política de prezos de fomento da implantación industrial (Concello, IGVS).

## VI. AMPLIAR O ATRACTIVO TURÍSTICO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela é un dos principais destinos culturais de España e de Europa e unha referencia mundial polo Camiño de Santiago. Trátase dunha cidade cunha gran e exitosa experiencia na planificación urbana, a conservación da Cidade Histórica e o sector turístico, que recibiu importantes recoñecementos internacionais, como a declaración de Patrimonio Mundial pola UNESCO, e o premio UN-Habitat ou a Capital Cultural de Europa.

Sen embargo, nos últimos anos percíbese unha perda progresiva de protagonismo e liderado de Santiago de Compostela nos foros nacionais e internacionais do sector turístico. A cidade deixouse levar pola inercia e, nun contexto de cambios desruptivos do turismo, non aportou ningunha proposta relevante.

Asemade, faltou un discurso propio de Santiago de Compostela e diluíuse a imaxe da cidade como destino urbano, cultural, gastronómico ou de xuntanzas e congresos.

É certo que o número de viaxeiros medrou en Santiago de Compostela nos últimos anos pero esta progresiva banalización turística permitiu que a cidade se atope por debaixo da media nacional en termos de rendibilidade económica e social.

### O XACOBEO 2021, PRIMEIRO RETO

1. A primeira tarefa da vindeira corporación municipal, unha vez constituída, é a posta en marcha dunha Comisión interdepartamental que planifique, xestione e supervise a acción municipal en diversos campos para que o Xacobeo 2021 sexa un éxito. Esta Comisión Xacobeo 2021 estará presidida polo Alcalde.
2. Esta Comisión terá como primeiro obxectivo o deseño, nun prazo de tres meses, dun Plan Director de Acción Local en eidos como a seguridade, a limpeza viaria, a xestión do transporte, o acollemento de visitantes ou a programación cultural; pero tamén de coordinación dos impulsos locais e de orientación das accións doutros axentes. Trátase de recuperar o tempo perdido para garantir que Compostela utilice o Xacobeo como o mellor vehículo para difundir unha imaxe positiva.
3. O Concello de Santiago promoverá unha acción coordinada co Consorcio da Cidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, o Arcebispado e o Cabido, a Delegación do Goberno e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, entre outras institucións, para impulsar o Xacobeo. Estableceremos unha Comisión de Coordinación.
4. Impulsaremos un programa especial de voluntariado para o Xacobeo 2021, de duración mínima de 9 meses.

### CAMBIAR O MODELO TURÍSTICO CARA AO “TURISMO DE CALIDADE”

5. Proporemos redactar un novo Plan Estratéxico de Impulso da Calidade Turística (2020/2030), que identifique, priorice e planifique as accións que deben conducir a elevar a calidade do turismo captado por Compostela.

6. Impulsaremos accións promocionais -básicamente en orixe-, renovando o marketing turístico da cidade para adaptalo á evolución dos públicos obxectivo, dos mercados e dos produtos turísticos.
7. En concreto, desenvolveremos accións promocionais adecuadas para atraer a un novo tipo de turistas, aproveitando as oportunidades que representan as novas tendencias en turismo urbano.
8. Procuraremos aumentar a rendibilidade social e económica do turismo na cidade, diversificando e desestacionalizando a través do turismo de city break, de cultura, gastronomía e reunións e congresos.
9. Impulsaremos a recuperación do turismo de congresos e convencións e da actividade do Palacio de Congresos. reforzando o Santiago de Compostela Convention Bureau.
10. Promoveremos a xeración, en destino, dun coñecemento mais fondo das características da cidade real, ligándoo a experiencias concretas.

#### MELLORAR A CONVIVENCIA DA POBOACIÓN LOCAL COS TURISTAS, FUNDAMENTALMENTE NO CASCO HISTÓRICO

11. Impulsaremos unha política turística e un modelo de xestión do turismo máis participativa, que conte cun importante protagonismo dos axentes económicos e sociais.
12. Promoveremos un Pacto Local para o desenvolvemento dun turismo sustentábel, equilibrado e responsable.
13. Esforzaremos en construír un relato turístico da cidade, atractivo, inclusivo, plural e baseado na riqueza e variedade cultural de Compostela.
14. Aprobaremos un Plan de Mobilidade Turística e Sinalización Intelixente da cidade que integre sistemas avanzados de información turística.
15. Elaboraremos e aprobaremos unha ordenanza reguladora das vivendas turísticas para que se respecte a legalidade, e singularmente a urbanística, e se estableza un equilibrio entre o uso turístico e o habitacional; estableceremos un rexistro de vivendas turísticas e interviremos activamente na regulación e no control dos usos urbanísticos autorizados, para a protección e fomento da vivenda.
16. Procuraremos solucións de convivencia das actividades turísticas cos usos residenciais pola xestión integral do espazo urbano, con accións fortemente ligadas a solucións urbanísticas, de infraestruturas, dotacionais e comerciais que faciliten a calidade de vida dos residentes.
17. Promoveremos unha oferta cultural dirixida a residentes e turistas baseada no patrimonio, os eventos culturais, a creatividade contemporánea, a innovación, a música en vivo, etc.

18. Impulsaremos un Plan de Renovación da Paisaxe Urbana do casco histórico e o centro da cidade.
19. Recuperaremos o protagonismo da Universidade de Santiago na imaxe turística da cidade e fomentaremos que os seus atractivos sexan incorporados á oferta da cidade.
20. Crearemos unha comisión de traballo coa Catedral de Santiago para coordinar as políticas de xestión e marketing do principal recurso turístico da cidade.
21. Impulsaremos a promoción turística da gastronomía propia de Galicia, mediante a acción conxunta co sector privado coa recuperación dun evento gastronómico de primeiro nivel.
22. Fomentaremos que o Mercado Municipal teña un papel protagonista na promoción dos produtos de proximidade entre os visitantes.

#### DESEÑO DE NOVAS PROPOSTAS

23. Xestionaremos as visitas dos visitantes dun día dun xeito mais satisfactorio para eles e para a propia cidade, incidindo no seu comportamento.
24. Para elo, implicaremos aos servizos de información turística na difusión de coñecemento sobre a cidade real. É necesario un achegamento activo dos informadores aos excursionistas no momento da súa chegada.
25. Promoveremos a colaboración cos operadores turísticos que ofertan paquetes nos que se inclúen excursións a Compostela para axudárilles na construción dun produto mais diverso e con máis valor como experiencia.
26. Fomentaremos o coñecemento da cidade real antes da chegada, cunha imaxe mais rica e variada.

#### ESTABLECEMENTO DE REDES CON OUTROS SECTORES

27. Recuperaremos o protagonismo nacional e internacional da política urbana e turística de Santiago de Compostela: participación activa en organizacións como a Organización Mundial do Turismo ou European Cities Marketing
28. Neste mesmo sentido, facilitaremos que Axencia de Turismo de Galicia e Turespaña transmitan unha imaxe da cidade que redunde no fomento do turismo de calidade.
29. Coordinaremos as accións promocionais de carácter turístico con estes mesmos organismos e cos membros do Clúster de Turismo de Galicia.
30. Ampliaremos o marco da colaboración co Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago para que vaia mais aló da mera realización das enquisas a visitantes e se facilite a adecuada transferencia aos sectores dos resultados da investigación turística.

31. Neste sentido, crearemos un Observatorio do Turismo Sostible, en colaboración coa USC, como ferramenta de coñecemento, planificación e xestión, co obxecto de analizar as dinámicas de turismo na cidade, os seus efectos e os desafíos aos que se enfrenta.

#### APROVEITAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

32. Apoiaremos a construción do teleférico que una o ámbito urbano coa Cidade da Cultura

33. Colaboraremos coa evolución da calidade dos aloxamentos, apoiando melloras de xestión -como a creación de paquetes turísticos- ou de infraestrutura, como a instalación de fibra óptica.

34. Axudaremos a integrar na oferta existente novas alternativas de aloxamento como as que, en 2019, estarán dispoñibles no Monte do Gozo.

35. Utilizaremos ferramentas de benchmarking para xestionar a convivencia das vivendas de aluguer turístico cos outros establecementos turísticos e coas necesidades de vivenda dos residentes.

36. Estableceremos acordos con outras institucións, como a Igrexa e a Universidade, que permitan facer accesibles aos turistas os recursos patrimoniais da cidade que permanecen ocultos.

37. Revitalizaremos o Palacio de Congresos tanto mediante a acción do Convention Bureau -só coa defensa de candidaturas no contexto de España podería cuadruplicarse a actividade actual deste contedor- como a través da introdución de cláusulas de actividade nos contratos de concesión ás empresas de xestión.

38. Procuraremos a integración da Cidade de Cultura a través das melloras urbanísticas que acompañarán á construción da estación intermodal e da remodelación dos espazos verdes que rodean esta zona.

39. Incorporaremos de feito o Auditorio de Galicia, o Multiusos de Sar e o Auditorio da Cidade da Cultura á listaxe de recursos turísticos dispoñibles para a realización de eventos.

#### REARME DA XESTIÓN TURÍSTICA MUNICIPAL

40. Crearemos unha Dirección Xeral de Turismo no organigrama do concello

41. Constituiremos un Consello Asesor de Turismo de Santiago de Compostela, recuperando o espírito de consenso e implicando ás diversas asociacións e actores, para definir unha política turística de ampla base cidadá.

42. Revitalizaremos e reformularemos o papel de INCOLSA-Turismo de Santiago como ente xestor do turismo na cidade, dotándoa dos recursos financeiros e humanos precisos para desenvolver a súa función.

43. Reforzaremos a colaboración e a comunicación da área de Turismo con outras áreas de xestión municipal.

## VII. COMPOSTELA, CIDADE DE COMPRAS

1. Desenvolveremos programas estables de promoción da oferta comercial, de ocio e de servizos da cidade no h interland compostel an.
2. En colaboraci n coa USC, a C mara de Comercio, as asociaci ns de comerciantes e a Deputaci n Provincial elaboraremos un Programa Estrat xico de Comercio Innovador 2020/2030, que sirva de base   implantaci n dunha estratexia de renovaci n comercial no conxunto da cidade.
3. Reforzaremos a atractividade comercial da cidade, con pol ticas urban sticas e de mobilidade que contemplen a vocaci n comercial de zonas como o Ensanche, a Cidade Hist rica ou Fonti as/Cancelas.
4. Neste sentido, apoiaremos o asociacionismo comercial que facilite acci ns com ns en cada unha das zonas comerciais e act e como un elemento de dinamizaci n.
5. Elaboraremos un Plan de Dinamizaci n e Renovaci n Comercial da Cidade Hist rica, incorporando unha estratexia de captaci n de ofertas e actividades capaces de xerar atracci n, buscando a implantaci n de marcas de referencia e actividades comerciais e de servizos. A tal efecto, impulsaremos a rehabilitaci n e reformas necesarias nos locais, xunto cos servizos necesarios para o seu funcionamento, e avaliaremos conxuntamente co sector a posibilidade de avanzar na regulaci n de usos.
6. Impulsaremos un Plan Integral de Convivencia no Ensanche, que integre a dimensi n comercial, completando a reurbanizaci n do Ensanche, d ndolle prioridade ao H rreo e   mellora da conexi n entre o Ensanche e a Cidade Hist rica.
6. Priorizaremos o proxecto de reurbanizaci n do H rreo, que ser  a principal v a de acceso desde a estaci n intermodal ao coraz n da cidade.
7. Completaremos o programa de reurbanizaci n do Ensanche, incorporando como prioridade Rosal a de Castro, Santiago de Chile e a Avenida de Vilagarc a (para facilitar o tr nsito peonil ao barrio de Conxo)
8. Reactivaremos o proxecto de construcci n dun aparcamento p blico no Campus Sur que dea servizo ao Ensanche e ao Casco Hist rico
9. Reforzaremos os aparcamentos de borde, ampliando os horarios e mellorando a s a conexi n co centro da cidade.
10. Facilitaremos a eliminaci n das barreiras f sicas que separan a Cidade Hist rica do Ensanche e das Fonti as, facilitando a permeabilidade dos fluxos tur sticos entre as distintas zonas
11. Promoveremos roteiros peon s que permitan acceder desde o centro da cidade ao Sar (Colexiata) e Conxo (Santa Mar a), identificando os recursos tur sticos existentes no itinerario.



12. Promoveremos que a reurbanización do solar de Peleteiro sexa un elemento de reactivación comercial e inclúa equipamentos e dotacións públicas. Comprometémonos a darlle unha solución nos primeiros 3 meses de mandato municipal, buscando o consenso coa veciñanza e co sector comercial.

13. Fomentaremos o recoñecemento de Área Central como grande superficie comercial e apoiaremos a súa vinculación co novo centro comercial de As Cancelas, para que se produzan sinerxias entre ambos que reforcen a súa atractividade.

14. Poremos en marcha, en colaboración coa sociedade xestora do Mercado, programas concretos para a extensión dos segmentos de clientes do Mercado de Abastos a persoas máis novas, reforzaremos a súa capacidade de atracción e integrarámola na planificación da oferta turística.

15. En colaboración coa Fundación Centro Galego para a Artesanía e o Deseño, poremos en valor a oferta de produtos de artesanía da comarca de Santiago, que serven de mostra da evolución creativa da nosa contorna mais próxima.

## **VII. RECUPERAR O IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO URBANO, AMBIENTAL E ECONOMICAMENTE SOSTIBLE E SOCIALMENTE SOLIDARIO**

RETOMAR A ACCIÓN MUNICIPAL CONTINUADA DIRIXIDA A OFRECER VIVENDA ASEQUIBLE AOS CIDADÁNS

A) MOBILIZANDO DE MODO INMEDIATO O SOLO URBANIZADO EXISTENTE PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN.

1. Poremos a disposición de promotores públicos, sociais e cooperativas e, mesmo privados, os solares remanentes que restan, con destino á construción de vivendas de protección pública e de prezos taxados, para a construción dunhas 1.000 novas vivendas de protección para poder executar inmediatamente.
2. Instaremos á Xunta de Galicia, administración con competencia estatutaria en materia de vivenda, para a mobilización inmediata do solo urbanizado de que dispón na cidade para a construción de vivendas de promoción pública.
3. Do mesmo modo xestionaremos a activación inmediata dos solos con destino á promoción pública de titularidade de outras institucións.

B) ADOPTANDO MEDIDAS DIRIXIDAS AO FOMENTO, NA CIDADE, DO ALUGUER DA VIVENDA EN PREZOS ASEQUIBLES

1. Priorizaremos na adxudicación dos solares municipais dedicados a vivendas de protección, ás promocións públicas, sociais ou privadas, destinadas ao aluguer en réxime de protección e prezo taxado, facilitando a captación de recursos do Programa de fomento do parque de aluguer, previsto no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e seguintes.
2. Articularemos procedementos e fomentaremos iniciativas públicas e sociais dirixidas a introducir o dereito de superficie na promoción da vivendas de protección oficial, que faciliten o disfrute do uso da vivenda en prazos longos e permitan a creación dun parque de vivenda vencellado establemente á protección pública
3. Requiriremos da Xunta de Galicia, no marco da súa competencia, a promoción na cidade de vivendas públicas de protección con destino ao aluguer, comezando polos solares e terreos da súa titularidade -con capacidade para unhas 120 vivendas-, e de modo inmediato polo situado na Avda. de Xoan XXIII (esquina Costa Nova) que pervive, no espazo máis emblemático da cidade, década tras década e Ano Santo tras Ano Santo, recibindo en estado de abandono aos visitantes do primeiro destino turístico de Galicia.

4. Instrumentaremos as medidas establecidas no Real Decreto Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e aluguer, aprobado o pasado 1 de marzo, en relación ao imposto de bens inmoables, para o fomento dos alugueres de vivendas de protección de renda limitada e o estímulo á mobilización das vivendas desocupadas, cando estea desenvolvida a normativa sectorial necesaria.

#### C) REACTIVANDO AS POLÍTICAS MUNICIPAIS DIRIXIDAS A ESTIMULAR, FOMENTAR E FACILITAR A REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS

1. R  
ecuperaremos a iniciativa para dinamizar a rehabilitación nas Áreas de Rehabilitación Integral xa declaradas, significadamente na da Cidade Histórica coa súa singularidade, e outras necesarias como a da Avenida de Salamanca, a fin de que se acollan aos recursos financeiros do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, previsto no Plan Estatal da Vivenda 2018-2021.
2. D  
esenvolveremos as ordenanzas municipais que regulen as intervencións rehabilitadoras no conxunto da cidade dirixidas a facilitar a operatividade dos Programas de fomento das melloras da eficiencia enerxética e da sostibilidade, e da seguridade de utilización e accesibilidade en vivendas, establecidos no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, para que poida alcanzar a unhas 1.000 vivendas.
3. R  
eforzaremos e potenciaremos as funcións de fomento, asesoramento e promoción da rehabilitación a desenvolver pola oficina municipal de rehabilitación, así como polos servizos técnicos do Consorcio en relación ao patrimonio urbano, facilitando a simplificación administrativa e a axilización dos trámites.

#### D) IMPULSANDO A PREPARACIÓN DO SOLO NECESARIO PARA RESPONDER ÁS NECESIDADES DE VIVENDAS NO MEDIO E O LONGO PRAZO

1. D  
esenvolveremos a xestión e execución do polígono residencial do Plan Parcial da Pulleira, conveniado co IGVS e aprobado definitivamente en 2010, con capacidade para 2.200 vivendas de protección.
2. A  
ctualizaremos para a súa posterior tramitación os Plans Parciais do Ensanche Norte xa redactados, adaptando a súa programación: para un primeiro cuadrinio no caso do Plan de Mallou con capacidade para 2.620 vivendas de protección pública; e para un segundo cuadrinio no caso dos Plans Parciais de Cancelas, A Muíña e norte de Amio con capacidade para 2.500 vivendas. De modo que garantan a cobertura da demanda ata o ano 2030 de vivendas de protección en aluguer e en propiedade, incluída a presenza, máis alá de dito ano, de solo debidamente urbanizado para garantir a continuidade no longo prazo da presenza de vivendas de protección.

E) RECUPERACIÓN DA EMPRESA MUNICIPAL. UN INSTRUMENTO CAPAZ DE PROMOVER OS PROCESOS DE PREPARACIÓN DE SOLO DE PROTECCIÓN.

1. Repoñeremos un instrumento técnico e económico especializado e profesionalizado, baixo a forma de empresa municipal de vivenda, capaz de prestar por xestión directa o servizo de planeamento, xestión urbanística e preparación do solo, para poder responder coa maior rapidez e eficiencia ás demandas de vivenda; mediante unha oferta de solo urbanizado de calidade, mediante una xestión que favoreza disposición de solo para a iniciativa social ou privada de produción de vivendas en réxime de acceso á propiedade, que colabore a viabilizar os distintos modelos e alternativas para a produción de vivendas protexidas en réxime de aluguer e mesmo en réxime de dereito de superficie, para conformar no longo prazo un parque público de protección e de vivenda social.

GARANTIR A DISPOSICIÓN DE SOLO EMPRESARIAL DE CALIDADE BEN COMUNICADO

1. C  
oncluída a urbanización do Parque Empresarial da Sionlla, impulsaremos a oferta de máis de 350.000 m<sup>2</sup> de solo en máis de 75 parcelas para uso empresarial, dentro dun sector urbanizado de 1.383.000 m<sup>2</sup> que inclúe a reserva de 70.000 m<sup>2</sup> para a nova Estación de Mercadorías da Miñata. Compre garantir o seguimento do cumprimento dos prazos de construción e inicio da actividade das parcela xa adquiridas e das que se vaian adquirindo, para evitar retencións inxustificadas do solo.
2. E  
siremos o cumprimento dos prazos de execución que resulten da licitación do treito Norte do Vial Orbital que optimizará a accesibilidade ao Parque Empresarial e a relación coa Autoestrada AP-9 e coa Autovía A-54 a Lugo e ao Aeroporto de Lavacolla; e servirá igualmente aos polígonos do Tambre e de Costa Vella, aliviando a presión vehicular sobre a saída Santiago Norte da AP-9. Así como, a licitación do tramo aínda pendente (Orbitaliño) de conexión entre a AP-9 e a estrada Santiago-A Coruña.  
  
Estaremos pendentes da conclusión en prazo da autovía A-54 a Lugo.
3. P  
oremos en valor de xeito inmediato da reserva dotacional pública con destino a equipamentos relacionados coa investigación, o desenvolvemento e a innovación no acceso ao Parque Empresarial da Sionlla desde o Orbital, nunha posición preeminente complementada por un parque urbano. Unha reserva de 4 Ha. que, resolta a súa óptima accesibilidade, haberá de ser obxecto dun proxecto de desenvolvemento ao que se convocará á Universidade, ás asociacións empresariais e a empresas innovadoras, para perfilar una acción consorciada para o impulso dun polo científico-técnico dirixido ao desenvolvemento de proxectos relevantes de base tecnolóxica fundamentados na colaboración universidade-empresa.

ramitaremos complementariamente aos Plans Parciais do Ensanche Norte, previa a súa actualización, o planeamento xa redactado na Área de Servizos prevista no sur de Amio próximo á saída de Ponte San Lázaro do Periférico, e á saída Santiago Norte da AP-9, nun ámbito de 87.000 m<sup>2</sup> con destino a usos terciarios exclusivos a localizar nunha posición privilexiada de acceso á cidade, que virá a reforzar o emprego urbano no acceso á cidade por San Lázaro

#### IMPULSAR O DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE QUE ATENDA Á INTEGRACIÓN DO CRECEMENTO HABIDO E DO ESPERADO PARA 2030

1. Favorecemos o desenvolvemento dos Plans Parciais aprobados ou en trámite dirixidos a acoller a política de vivenda. Das nove actuacións urbanizadoras previstas para a primeira fase do plan, malia o contexto desfavorecedor, foron aprobados definitivamente en 2010 os Plans Parciais da Pulleira (de iniciativa pública conveniada co IGVS para 2.200 vivendas de protección) e de Vite de Arriba, e nos anos 14 e 15 os de Muíño de Vidán, Agra dos Campos e Monte do Gozo (todos de iniciativa privada para 2.120 vivendas, coa reserva para 500 vivendas de protección) que representan o 63% das previsións do Plan Xeral para o primeiro cuatrienio da súa vixencia; se ben non iniciaron a súa execución.
2. Impulsaremos os plans parciais prioritarios pendentes de tramitación. Os plans parciais do Ensanche Norte deberán ser obxecto de tramitación conxunta, para a posterior xestión e execución prioritaria do Plan de Mallou en contacto xa co Polígono residencial da Pulleira, configurando entre ambos o parque ambiental do Alto da Pulleira, un dos fitos paisaxísticos do Ensanche Norte.
3. Produciremos o acabado da integración urbana das actuacións de urbanización xa consolidadas nos barrios de orixe. Comprometémonos a elaborar programas de acabado, mellora urbana e articulación dos espazos públicos para os distintos barrios nos que se inseriron as actuacións integrais de urbanización, atendendo á distinta problemática que presenta en cada un deles a integración entre os vellos e os novos tecidos urbanos:
  - O barrio de Conxo en relación á conclusión da execución do Plan Parcial de Romero Donallo cos seus espazos de conexión con Cornes e a superación da barreira da vella Circunvalación, acompañando o remate do Plan Parcial de Cornes incluído o acondicionamento do espazo entre o ferrocarril e o Periférico.
  - A execución da actuación no medio urbano de execución do PERI de Conxo de Arriba para a súa rexeneración e para a debida conexión co Plan Parcial de Santa Marta.
  - Igualmente, o acondicionamento sistemático da contorna do Mosteiro (para o que se elaborará o Plan Especial de Protección previsto no planeamento) e os arredores de Conxo de Abaixo coas conexións e tratamento dos contactos co SUNP 16
  - As Lamas do Abade en relación á reforma das infraestruturas viarias que demanda o complexo formativo que se foi configurando pola concentración de centros, abordando a seguridade vial, a ordenación do aparcamento e mesmo a mellora da vialidade de relación co Cruceiro de Sar contemplada na ordenación urbanística.

- Igualmente a configuración dos itinerarios peonís e mesmo ciclistas que protexan do impacto do acceso rodado á cidade.
- 4. Continuaremos coa mellora do espazo público da cidade consolidada, impulsando unha liña de traballo dirixida á xestión urbanística dos pequenos polígonos previstos para o completamento da urbanización en espazos vacantes do solo urbano non consolidado. Máis de 40 actuacións nos barrios, na contorna dos novos ensanches, e distribuídos pola cidade, que permitirán executar novos espazos públicos, zonas verdes e prazas e rúas que enriquezan os servizos de proximidade.
- 5. Continuaremos actuando na Cidade Histórica coa mellora que resta das vellas travesías nos treitos de San Roque, Virxe da Cerca, Senra e Praza de Galicia (con actuacións limitadas á espera da próxima caducidade da concesión que permitirá a elaboración dun proxecto funcional máis ambicioso para a recuperación urbana dunha praza central na cidade que segue á espera de encher o baleiro deixado polo edificio Castromil hai máis de corenta anos), Xoán Carlos I e Rosalía de Castro, San Clemente e Pombal, ou Entrerríos.
- 6. Melloraremos o sistema de articulación interna da cidade: coa execución do corredor Combarro - Lamas do Abade - Cruceiro de Sar; coa execución progresiva a través dos plans parciais de Mallou e A Pulleira do novo eixo urbano Rúa Lisboa - Monte dos Postes- Cancelas - Avda. de Asturias; coa execución da vía-parque Rúa Camilo Otero - Ponte Pedriña - Sar- Cidade da Cultura.
- 7. Obteremos por ocupación directa, permuta ou convenio do parque urbano das Hortas, co obxectivo de telo incorporado ao sistema xeral de parques da cidade histórica o próximo Ano Santo 2021.
- 8. Impulsaremos a redacción de plans especiais de reforma interior ou de infraestruturas e dotación para os núcleos rurais que, en razón da súa complexidade ou da súa especial dinámica, reúnan as condicións establecidas no planeamento.

## **IX. UN MEDIO RURAL VIVO E CONECTADO**

1. Crearemos unha Concellaría de Medio Rural, con medios e recursos e un Consello Municipal do Medio Rural como órgano participativo.
2. Promoveremos un Pacto polo rural incluíndo un plan de investimentos a 8 anos, que planifique investimentos e actuacións con fondos anuais nos orzamentos do concello e incorporando recursos propios, programas da deputación e autonómicos.
3. Estableceremos un fondo anual que se distribuirá por parroquias de acordo cos criterios fixados no ámbito do Consello do Medio Rural.
4. Impulsaremos, coa Xunta de Galicia, e no marco do novo contrato de abastecemento e saneamento de auga, a dotación de abastecemento de auga a todos os núcleos do rural nun prazo non superior a dúas lexislaturas, comezando cos núcleos de solo urbano.
5. Igualmente, promoveremos a conexión á rede de saneamento de todos os núcleos co rural nese mesmo prazo.
6. Melloraremos a xestión da recollida de lixo aumentando a dotación de colectores (orgánicos e de recollida selectiva) e dotándoos dos correspondentes anclaxes.
7. Revisaremos a aplicación das bonificacións do IBI por insuficiencia de servizos para procurar unha imposición proporcional aos núcleos rurais de ordenanzas 11, 12 6A e 6B que carecen de abastecemento de auga e saneamento.

## **X. COMPOSTELA, CIDADE VERDE**

### MELLORANDO E AMPLIANDO OS ESPAZOS VERDES

1. Continuaremos coa recuperación ambiental e o acondicionamento da Selva Negra, adquirida nos anos pasados polo Consorcio, para completar co Parque da Granxa do Xesto o grande parque público periurbano no corazón do Monte Pedroso, que ofrecerá 77,5 hectáreas para o disfrute na natureza ao pé da Cidade Histórica.
2. Impulsaremos os Parques urbanos de Penamaría e Outeiro das Cancelas no Ensanche norte, parques de Volta do Castro, Torrente e Castro de Conxo no borde do Ensanche Sur.
3. Colaboraremos coa Universidade de Santiago de Compostela na reurbanización do Campus Sur, por medio dunha actuación que permita actuar sobre viais, parques e zonas deportivas. Deberá facilitar os usos brandos de transporte, facilitando o uso peonil e de bicicleta. Procuraremos a colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago nesta actuación, que deberá elevar o seu valor como zona verde, como espazo de ocio e encontro, como soporte da actividade universitaria.
4. Promoveremos o acondicionamento e uso do Xardín Botánico, en colaboración coa USC e o Consorcio, con funcións de docencia, investigación e atractividade turística.
5. Completaremos as actuacións nas Brañas do Sar para completar o gran parque urbano de Compostela.
6. Impulsaremos a protección do conxunto das Ribeiras do Sar, tanto cara as súas fontes (Parque das Fontes do Sar) como a continuación do Restollal, no camiño de efectuar unha protección integral do Sar no conxunto do territorio municipal que permita no futuro ter un itinerario ate a súa desembocadura, en colaboración cos concellos de Ames, Rois e Padrón.
7. Promoveremos actuacións nos parques existentes para mellorar as súas funcións, dotándoos de novos servizos, desde cafeterías a espazos biosaudábeis, de xeito que poidan ser máis utilizados polos composteláns e visitantes.
8. Estableceremos espazos adaptados para o paseo de cans, que facilite o confort animal, a seguridade e a limpeza en diversos parques da cidade.
9. Traballaremos con ADIF para transformar en Senda Verde o antigo trazado ferroviario desde a estación da Sionlla ata o remate do termo municipal. Esta iniciativa debería ser complementada ata a estación de Uxes, próxima á Coruña.



## MELLORANDO AS INFRAESTRUTURAS E A XESTIÓN HIDRÁULICAS

1. Promoveremos un novo concurso de xestión dos servizos de auga e saneamento, cos obxectivos de:
  - a) Racionalización do consumo de auga, mediante as melloras de mantemento, o incentivo á reciclaxe e reutilización.
  - b) Renovación e modernización da rede de abastecemento, xunto coa necesaria ampliación da rede a todos os núcleos do rural.
  - c) Redución dos custes para os cidadáns, incentivando mediante a modificación das tarifas un menor consumo.
  - d) Aumento da información e unha xestión máis eficiente da relación coa empresa prestataria coa cidadanía.
2. Impulsaremos un Plan de alerta de inundacións, con sistemas de notificación automática por medio de informes e/ou paneis das posibles inundacións en áreas específicas.
3. Impulsaremos un Plan de mellora de abastecemento dos depósitos de auga, para aumentar a oferta nos futuros desenvolvementos de parques urbanos do norte, regulando o fluxo ideal para garantir o subministro eficiente, aproveitando as grandes infraestruturas existentes.
4. Promoveremos un Plan de telesupervisión do ciclo integral da auga, para a mellora da calidade do abastecemento de auga e o seu retorno para o ambiente a través do control en tempo real dos puntos da rede de auga e saneamento, permitindo a detección precoz de anomalías e acción rápida, aumentando a súa eficiencia
5. Priorizaremos un acordo co Ministerio de Transición Ecolóxica e a Consellería de Medio Ambiente para a máis inmediata licitación da nova EDAR de Silvouta, cos máis elevados estándares técnicos. Procuraremos a utilización de fondos externos para reducir os custes de amortización para os cidadáns.
6. Realizaremos un Plan director de saneamento, para a planificación estratéxica do sistema de drenaxe da cidade, cunha focaxe non só na saúde, se non como parte integrante da xestión ambiental, mediante a aplicación de novas técnicas de manexo de augas pluviais locais que permitan optimizar o investimento para o desenvolvemento sostible do PXOM.
7. Racionalizaremos a utilización da rede de colectores separativa coa reutilización da auga canalizada pola rede de augas pluviais.
8. Impulsaremos a colaboración coa Xunta de Galicia para completar o saneamento integral das parroquias do rural en dúas lexislaturas.
9. Incentivaremos a implantación de sistemas de depuración local nos núcleos rurais nos que o Concello de Santiago é pioneiro en Galicia (Sistemas de Depuradoras Compactas para pequenas poboacións adaptados á Directiva 91/271/CEE).

## OUTRAS ACCIÓN MEDIOAMBIENTAIS

1. Seguiremos avanzando no programa de compostaxe caseira, que supón na actualidade a bonificación do 50% da taxa de lixo aos veciños que participan.
2. Continuaremos coa política de educación ambiental, coordinada coas asociacións ecoloxistas. Accións como a redución de xeración de residuos serán obxectivos prioritarios.
3. Instalaremos unha pequena Planta de Compostaxe dos residuos dos nosos parques, que se reutilizará como abono – compost nos mesmos.
4. Manteremos e impulsaremos iniciativas como as charlas nos Colexios e nos Centros Socioculturais, mantendo como centro de referencia o Centro de Interpretación Ambiental de Belvís.

## **XI. COMPOSTELA: 2020-2030. PATRIMONIO E CULTURA**

### **PATRIMONIO: O SISTEMA INTEGRADO DE CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DA CIDADE HISTÓRICA**

1. Comprometémonos á creación dunha Concellaría da Cidade Histórica, acompañada dun Consello Municipal da Cidade Histórica, como órgano de asesoramento e participación cidadá e á creación dunha Oficina da Cidade Histórica con competencias, recursos humanos e materiais para a tramitación dos permisos e licencias correspondentes ao ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica.
2. Este departamento debe liderar un proceso de unidade de acción e coordinación técnica das iniciativas municipais e as do Consorcio de Santiago, así como calquera outras que puideran promover administración ou entidades públicas ou privadas.
3. Comprometémonos a facer realidade a xanela única nesta materia, para simplificar e acelerar a tramitación dos expedientes.
4. Esforzarémonos en reconstruír un ámbito estable de cooperación entre os diversos niveis da administración, implicando tamén á USC e outras institucións públicas e privadas da cidade, desde o Arcebispado e o Cabildo aos colexios profesionais, fundacións e academias.
5. Proponse establecer un compromiso para a concesión de licenzas de obras de mantemento nun prazo máximo de 48 horas, incluso desenvolvendo un procedemento automatizado, coas garantías que sexan oportunas, que puidese chegar a normalizar a expedición de licencias de obras de mantemento telematicamente de forma instantánea.
6. Impulsaremos unha fórmula de corresponsabilidade e tutela dos profesionais intervinentes e de definición de manuais técnicos de mantemento específicos que describan e especifiquen claramente as intervencións admitidas para reducir substancialmente os tempos de concesión das licencias de obras de reforma.
7. Proponse reformular o funcionamento da Comisión Asesora da Cidade Histórica, que debe permitir alcanzar o compromiso de resposta a calquera consulta no prazo de 15 días.
8. No marco xeral de fomento da actividade económica, e dentro da reforma das ordenanzas implicadas, proponse establecer un compromiso de resposta vinculado cun itinerario de xestión administrativa urxente e tutelada, para todas aquelas iniciativas de intervención sobre a cidade histórica que teñan como consecuencia a creación de postos de traballo.

9. No marco xeral de reforma da xestión de aperturas de locais, propónse impulsar un catálogo e rexistro de condicións físicas e infraestruturais de locais comerciais, que permitiría alcanzar o compromiso de concesión de licenza de obras e actividade nun prazo que non debería superar o mes desde a presentación do proxecto.

10. Constituiremos con carácter urxente a Comisión de infraestruturas e servizos urbanos da Cidade Histórica, prevista no Plan Especial, e indispensable para abordar a iniciativa de modernización de infraestruturas e servizos na Cidade Histórica.

11. Comprometémonos a impulsar un programa de **Educación para a paisaxe urbana histórica de Compostela**, destinado a nenos e nenas de entre 8 e 14 anos, en todas as escolas do Municipio para o coñecemento e a difusión dos valores esenciais da Paisaxe Urbana Histórica Patrimonio da Humanidade de Santiago de Compostela, con accións escolares así como extraescolares.

12. Potenciaremos os programas que vinculen a acción municipal cos Obxectivos de Desenvolvemento Social 2030 da ONU, en particular asociándoos a iniciativas para a recuperación e posta en valor da Paisaxe Urbana do Patrimonio da Humanidade no término municipal.

13. Lanzaremos un programa de localización de emprendedores, talleres e artesáns no término municipal, impulsando a súa posta en valor e apoio, poñendo en evidencia a súa relación coa produción e mantemento dos valores patrimoniais da Paisaxe Urbana Histórica de Santiago. O estímulo e promoción dese sector produtivo cidadán completárase promovendo semanalmente un mercado.

14. Promocionaremos un FabLab urbano de cultura “maker”, vinculado coa cidade histórica e a posta en valor do Patrimonio da Humanidade.

15. Impulsaremos a actividade do Centro Nacional de Formación en Materia de Rehabilitación da Curtiduría de Pontepedriña, co obxectivo de vincular a marca Compostela coa formación, o coñecemento e a innovación no sector construción. Estimularemos a cooperación coa Fundación Laboral e con empresas e grupos do sector.

16. Promoveremos unha iniciativa de custodia e xestión compartida asociada a espazos naturais urbanos da cidade, por exemplo, os parques de Bonaval, o Restollal e Vista Alegre, establecendo relación coa Asociación Mundial de Parques Urbanos.

17. Comprometémonos a por en marcha con urxencia o **Plan Director de Infraestruturas Urbanas** sobre a base da encomenda de xestión de 2011, asemade a dotar as medias provisionais necesarias para garantir a conectividade dos fogares e empresas (fibra óptica...).

18. Propoñemos orientar as políticas públicas cara ao mantemento de edificios e espazos públicos, e en concreto:

- Recuperar a coordinación e unidade de acción entre os programas que xestiona o Concello e os que xestiona o Consorcio.

- Establecer o portelo único de xestión de programas.

- Vincular o investimento público en renovación urbana, mantemento ou rehabilitación do patrimonio coas políticas activas de emprego, e concretamente cos programas de formación que se poidan desenvolver desde o Centro Nacional de formación de referencia en materia de rehabilitación de Pontepedriña de Arriba.
  - Promover, coa cooperación veciñal, programas cooperativos de mellora da escena urbana e combate de elementos arquitectónicos discordantes.
  - Reorientar os programas de rehabilitación cara programas de mellora da habitabilidade (enerxía, conectividade, ascensores).
  - Crear unha oficina especializada de asesoramento e información aos habitantes da Cidade Histórica co obxectivo de xestionar mellor os seus edificios e vivendas desde o punto de vista do consumo enerxético e outros.
  - Impulsar con urxencia unha análise coas opcións para a mellora da conectividade das vivendas da Cidade Histórica, que permita resolver a continuación os problemas que afectan a actividades e veciños en colaboración coas empresas que operan no sector.
19. Estableceremos un regulamento de usos de espazos emblemáticos da Cidade Histórica (Obradoiro, Alameda...) que impide a súa banalización e o seu uso comercial incontrolado.
  20. Impulsaremos unha regulación, en colaboración con ASUCA e a cooperativa, para a Praza de Abastos, que subordine o uso turístico á súa función primixenia.
  21. Impulsaremos unha solución ás principais dificultades sentidas polos habitantes da Cidade Histórica, para facer atractivo vivir nela: promoción de aparcamentos de borde para residentes, solución á recollida de lixo no marco da renovación do servizo, mellora na loxística da distribución diaria a supermercados e hostalaría.
  22. Impulsaremos as reformas precisas para facilitar a instalación de ascensores e mellorar a distribución interior das vivendas para que existan vivendas modernas, accesibles e de calidade.
  23. Propoñeremos traer a Santiago a Axencia Europea de Patrimonio, a tal efecto pediremos o apoio de España Global e promoveremos unha xuntanza en Santiago do Consello Económico e Social da Unión Europea sobre patrimonio.

#### PROSEGUIREMOS A APOSTA POLA CULTURA E A CREACIÓN

1. Promoveremos que o Concello se constitúa como líder e axente director da dimensión cultural da cidade, esforzándose en deseñar unha estratexia de acción cultural con marca de CIDADE
2. Impulsaremos que a cultura teña presenza no discurso político institucional e forma parte da imaxe de marca de Compostela
3. Propoñeremos a creación dun Foro de coordinación dos operadores culturais de Compostela, para potenciar ao máximo o uso dos recursos e infraestruturas.

4. Defenderemos que o Consorcio siga a xogar un papel sobranceiro na dinamización cultural da Cidade Histórica, que eleve o nivel da oferta da cidade.
5. Promoveremos a elaboración dun plan municipal de cooperación privada no desenvolvemento cultural da cidade, que poida, no seu momento, servir para dar base a unha acción de financiamento da acción cultural da intensidade que vai requirir a estrutura dupla: Cidade de Santiago/"Cidade da Cultura".
6. Impulsaremos unha progresiva acción de redefinición dos espazos e infraestruturas culturais da cidade para procurar, no momento de posta en funcionamento pleno da "Cidade da Cultura" unha actuación coordinada e eficiente de complementariedade, con desenvolvemento futuro de proxectos conxuntos ou coordinados.
7. Promoveremos a integración de Santiago dentro do Grupo de Cidades Creadoras da UNESCO.
8. Apoiaremos a creación, en colaboración coa USC e a Xunta de Galicia, dun centro de formación en Artes Escénicas e Musicais especializado na creación, produción e xestión.
9. Promoveremos a consolidación do Museo de Santiago e das Peregrinacións.
10. Facilitaremos o remate dos traballos de execución do Plan Director da Catedral e da reconfiguración da xestión do templo con vistas á súa valorización cultural e patrimonial.
11. Potenciaremos a dimensión cultural do patrimonio, abrindo a visitantes locais (en condicións preferenciais) ou externos, ámbitos que hoxe permanecen velados (igrexas e conventos, Colexiata de Sar, Sta. María de Conxo, biblioteca universitaria...), en colaboración coa USC, o arzobispado ou as ordes relixiosas
12. Promoveremos o establecemento de circuitos estables de difusión cultural que permitan o contacto co público de creadores (música, representación, arte, videoprodución ...), en colaboración cos espazos e asociacións existentes.
14. Habilitaremos espazos para as industrias artísticas produtivas. Por exemplo, nas naves en réxime de aluguer que debe construír o concello en espazos industriais de titularidade municipal.
13. Recuperaremos a proposta da Factoría Cultural, como centro de creación e como espazo para a formación e o inicio da actividade de xóvenes artistas.
13. Continuaremos dando cabida na programación propia do concello a creadores e artistas locais.
14. Estableceremos estratexias de colaboración en actividades formativas que permitan a continuidade e modernización de actividades de creación artística orientadas ao mercado (orfebrería, acibeche e outras).
15. Retomaremos eventos culturais de alto significado e proxección como forma de resituarse á cidade na primeira liña cultural. Dispoñemos ao longo do ano de eventos diversos

que permitan ampliar a oferta turística, vinculando a programación con sectores da cultura menos atendidos. A título de exemplo: festival internacional de teatro “Valle Inclán” na temporada invernal; as Músicas Contemplativas ao redor da Semana Santa; festival de poesía e literatura en primavera, ao redor do teatro; festival aberto e interdisciplinar ao longo do verán; cine e imaxe no outono; artes plásticas, moda...

#### REFORZAREMOS A CULTURA DE BASE

1. Impulsaremos novos programas que complementen os xa habituais e consolidados en un esforzo por dar resposta as necesidades socioculturais actuais como pode ser a aprendizaxe e uso das novas tecnoloxías, a educación en igualdade ou a alimentación e hábitos de vida que melloren a saúde.
2. Fomentaremos unha programación estable de cara os/as maiores, xa que temos unha poboación cada vez máis avellentada que demanda actividades e programas axeitados.
3. Aumentaremos a dotación bibliográfica da biblioteca pública municipal “José Saramago” e das restantes bibliotecas dos distintos CSC, de xeito que se convertan en bibliotecas con maiores recursos.
4. Fomentaremos novas actividades vencelladas ás mesmas, como poden ser a creación de novos clubs de lectura, encontros literarios, ou máis achegas de escritores/as recoñecidos.
5. Aumentaremos o material lúdico nun esforzo por mellorar tamén a dotación e os recursos das aulas de xogo dos centros da Rede.
6. Dotaremos ás aulas de novas tecnoloxías con todo o necesario para convertelas en espazos que permitan o aprendizaxe das mesmas, tanto para persoas maiores que necesiten iniciarse no uso, como para o resto da poboación que o precise .
7. Faremos un esforzo por acondicionar e rehabilitar os edificios que conforman a Rede de Centros, xa que ao longo de máis de 25 anos funcionando precísano. Entre eles estarían o Centro Sociocultural de Vite, o Centro de Roxos–Vilvestro, ou moitos da zona rural.
8. Faremos un esforzo por dar a coñecer aos cidadáns/ás que aínda non son usuarios/as da Rede de Centros, a tarefa e a importancia dos mesmos para que os usen e utilicen.
9. Seguiremos fomentando a convivencia veciñal e seguiremos promovendo o desenvolvemento integral das persoas coa súa contorna. Entendemos que a participación dos veciños/as na vida do seu barrio é fundamental para crear comunidade.
10. Reorganizaremos a Rede de Centros para que se optimicen recursos tanto humanos como territoriais, analizando necesidades e equipos de traballo o máis axeitados posible para atendelos.
11. Ampliaremos a rede de centros, dándolle una solución acaída ao casco histórico.

12. Seguiremos apostando por un modelo de traballo interdisciplinar xunto coas diferentes asociacións e tecido asociativo, para que os espazos socioculturais se convertan en ámbitos de relacións humanas produtivas e se propicie o desenvolvemento de iniciativas cidadás .

13. Traballaremos por unha regulamentación e utilización do uso dos centros socioculturais por parte das asociacións para que este se faga dun xeito mais igualitario e racional, e reactivaremos o Consello Municipal de Centros Socioculturais

#### COMPROMISO COA LINGUA PROPIA DE GALICIA

1. Poñeremos en valor na acción municipal o galego como lingua propia de Galicia e fomentaremos o seu uso e prestixio

2. Consideraremos o galego como lingua preferente, ao tempo que garantimos os dereitos lingüísticos individuais.

3. Poremos en marcha programas de acollida de lingua galega, tanto para a xente nova como para os adultos procedentes da inmigración.

4. Incentivaremos o uso do galego nos concesionarios municipais.

5. Apoiaremos a produción, edición e difusión da cultura galega.

6. Apoiaremos as propostas de promoción e prestixio da lingua galega existentes e valoraremos novas accións dirixidas aos diversos públicos da cidade



## **XII EFICIENCIA, CALIDADE, AUSTERIDADE, TRANSPARENCIA, PARTICIPACIÓN**

### **UNHA ADMINISTRACIÓN EFICIENTE, CON PROCEDEMENTOS ÁXILES E BASEADA NAS NOVAS TECNOLOXÍAS**

A primeira obriga de calquera administración é tratar con imparcialidade, respecto ás normas, pero tamén máxima axilidade as demandas, licenzas ou outros trámites que inicien os cidadáns. Neste sentido, estes últimos catro anos a administración municipal non estivo á altura do que merece a cidadanía de Compostela.

1. Comprometémonos a impulsar a tramitación rápida das licencias municipais de obras, de xeito que ningunha licenza poida demorarse mais de 3 meses desde a súa entrada no rexistro municipal.
2. Comprometémonos a crear un sistema de atención especial para aqueles investimentos de interese preferente para a cidade, asesorando e auxiliando aos investidores na súa relación cos diferentes departamentos municipais.
3. Comprometémonos a impulsar a entrada de Compostela no programa Doing Business.
4. Comprometémonos a revisar de xeito sistemático os regulamentos e procedementos municipais para eliminar aqueles trámites que non aportan valor e reducir as esixencias burocráticas para a cidadanía.
5. Comprometémonos a dotar dos medios e da confianza aos funcionarios municipais para que poidan desenvolver o seu traballo con garantías e axilidade.
6. Impulsaremos que os veciños de Santiago poidan ampliar progresivamente os trámites administrativos municipais a realizar a través da web municipal, garantindo o dereito dos cidadáns a relacionarse, de xeito telemático, co Concello de Santiago.
7. Crearemos novos puntos públicos de acceso á rede municipal, apoiándonos na rede de centros socioculturais, para posibilitar a realización de xestións on-line. Nos primeiros dous anos implantaranse os puntos de acceso nos centros culturais de referencia do concello (Fontiñas, Conxo, Vite, Pontepedriña).
8. Elaboraremos plans de formación e de dinamización no uso da administración electrónica tanto para os empregados da Administración como para os cidadáns e cidadás promovendo o uso de Internet e de aplicacións das tecnoloxías da información.

9. Promoveremos acordos de colaboración neste ámbito coa Cámara de Comercio e cos Colexios Profesionais de Xestores Administrativos, de Arquitectos Técnicos e de Avogados.

#### MELLORAS NA XESTIÓN

10. Impulsaremos a renovación dos servizos municipais mais relevantes, que teñen os seus contratos en situación de prórroga, como os de transporte, ou recollida de lixo e limpeza viaria, procurando a modernización do servizo a través das fórmulas de xestión que mellor defendan os intereses dos cidadáns.

11. Impulsaremos no primeiro ano de mandato a xestión renovada do servizo de auga e saneamento, procurando reducir o seu custe para a cidadanía compostelá e homologar trámites e procedementos cos municipais.

Comprometémonos a incorporar lámpadas LED a todo o alumeadado público municipal.

12. Crearemos a figura da "Conta Corrente Tributaria Local", para incentivar e facilitar o pagamento dos tributos locais, permitindo o pagamento fraccionado de todos os tributos periódicos en doce mensualidades.

13. Impulsaremos no municipio de Santiago un órgano de resolución de reclamacións económico-administrativas, así como de mediación extraxudicial, baseado nos principios de celeridade e gratuidade, como órgano especializado e instancia para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de Xestión, Liquidación, Recadación e Inspección de Tributos, Sancións e Ingresos de Dereito Público de competencia municipal. O devandito órgano estará integrado por profesionais independentes de recoñecida solvencia técnica elixidos polo pleno do Concello, por maioría absoluta.

14. Estableceremos un Sistema de Xestión da Avaliación e a Calidade nos distintos Servizos Municipais conforme cos requisitos da norma internacional UNEEN ISO 9001:2000, como forma de incorporar na súa xestión novas metodoloxías e ferramentas de calidade para mellorar a prestación dos diferentes servizos públicos proporcionados aos cidadáns.

15. Constituiremos o Comité Municipal Impulsor da Avaliación e a Calidade como órgano garante do Sistema de Calidade.

16. Propoñémonos como obxectivo estender progresivamente ese nivel de esixencia a novos servizos e actividades municipais compromisos de calidade dos servizos cos cidadáns, mediante a elaboración de Cartas de Servizos nos Servizos Municipais con Certificado de Calidade.

17. Poñeremos en marcha plans para a formación dos empregados públicos nas técnicas para a calidade na xestión municipal.

18. Melloraremos as Oficinas de Información e Atención ao Cidadán, mediante a elaboración e publicación da Carta de Servizos de Queixas e Suxestións.

19. Elaboraremos o Plan Estratéxico das Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns do Concello de Santiago e promoveremos a eficiencia nas comunicaci3ns e xesti3ns intraorganizativas, a trav3s da posta en marcha do Intranet.

20. As3 mesmo, poñeremos en marcha a 3rea de Avaliaci3n dos Servizos Municipais, coa misi3n de impulsar, dirixir, dar seguimento e avaliar o desenvolvemento e implantaci3n dos distintos Sistemas de Xesti3n da Calidade Municipais.

21. Ampliaranse os servizos de resposta inmediata, establecendo unha carta de compromisos (Cartas de Servizos) na que se determinen aqueles servizos que poden ser facilitados con resoluci3n inmediata e no mesmo acto, servizos que poden ser resoltos en menos de 48 horas, e por 3ltimo servizos que ser3n resoltos en menos de 10 d3as.

22. As empresas locais incluir3n pr3cticas de Responsabilidade Social Empresarial elaborando unha memoria con descripci3n de indicadores e obxectivos tales como:

- Aplicaci3n de pol3ticas de igualdade de x3nero e non discriminaci3n.
- Porcentaxes e n3mero de mulleres contratadas, persoas maiores de 40 anos ou persoas con diversidade funcional.
- Acci3ns sociais que realiza a empresa en relaci3n aos seus beneficios.
- Pr3cticas de Eficiencia Enerx3tica.

23. Impulsaremos a trav3s das cl3usulas sociais na contrataci3n a igualdade de x3nero, a integraci3n de persoas con discapacidade e a sustentabilidade, entre outras.

## TRANSPARENCIA E PREVENCI3N DA CORRUPCI3N

Os recursos p3blicos e a xesti3n dos servizos municipais, deben servir exclusivamente para mellorar as condici3ns de vida da nosa cidadan3a. Por iso comprometemos as seguintes acci3ns:

24. Daremos informaci3n transparente e concreta sobre os postos de traballo do persoal eventual adscrito ao gabinete Goberno municipal.

25. Crearemos bases de datos de acceso p3blico onde poidan consultarse todas as subvenciones outorgadas o recibidas polos organismos, instituci3ns, empresas, sindicatos ou particulares, as3 como as contrataci3ns das administraci3ns, permitindo a busca tanto por emisores como por perceptores. Ditas bases de datos deber3n reflectir claramente tanto o fin da subvenci3n como os mecanismos que se dispor3n para comprobar o seu correcto uso.

26. Habilitaremos, baixo os requisitos da Axencia Espa3ola de Protecci3n de Datos, de canles 3ticos a toda a administraci3n do concello que permitan a comunicaci3n confidencial, de malas pr3cticas, violaci3ns das normas 3ticas, posibles conflitos de interese e transgresi3ns da normativa legal.

27. Crearemos un Rexistro de estudos financiados con fondos p3blicos, encargados a terceiros externos 3 administraci3n, de acceso p3blico, cos datos do expediente de contrataci3n que no

estean suxeitos a secreto comercial. En todo caso, os estudos financiados con fondos públicos deberán ser accesibles aos órganos administrativos de control.

#### A MELLORA DA XESTIÓN ECONÓMICA MUNICIPAL

1. Efectuaremos una programación plurianual dos investimentos municipais, facilitando a participación cidadán pero tamén a realización efectiva dos mesmos, evitando as baixas taxas de execución dos últimos anos.
2. Elaboraremos un Plan de Eficiencia Enerxética Integral, a aplicar ao conxunto dos edificios e servizos municipais e ao alumeado público.
3. Introduciremos o criterio de eficiencia enerxética en todo proxecto de urbanización, con independencia do operador que o execute, e no deseño de novos edificios e servizos municipais (transporte público, policía local e outros).
4. Promoveremos a emisión das facturas informativas nos servizos municipais subsidiados, para concienciar aos usuarios dos mesmos dos custes nos que incorre o conxunto da sociedade.
5. Realizaremos unha avaliación dos principais servizos, para proceder a detectar a adaptación ás novas situacións, as necesidades de modernización ou os aforros posibles.
6. Introduciremos o compromiso de que todo novo programa de actuación ou servizo a crear deberá ser acompañado por unha memoria que avalíe o seu impacto económico financeiro, a elaborar pola Oficina Orzamentaria.
7. Procederemos a unha revisión das taxas e prezos públicos a aboar polos principais servizos municipais, para garantir unha utilización racional dos servizos polos usuarios.
8. Comprometémonos a presentar un Plan de Mellora Organizativa, que avance na conformación de áreas funcionais integradas, para eliminar duplicidades no funcionamento da administración e nos programas de gasto.
9. Crearemos a Oficina Orzamentaria, cun ámbito que cubra todas as fases do ciclo orzamentario e a avaliación económica dos procesos de contratación e as concesións administrativas introducindo, no posible, a difusión da información a través de Internet.
10. Elaboraremos un Plan de racionalización de espazos, que permita concentrar funcionalmente aos servizos municipais, reducindo gastos como alugueres ou conserxería.

#### FISCALIDADE

1. Impulsaremos unha bonificación no IBI en favor das familias numerosas con menor renda, que teña en conta o seu patrimonio, os seus ingresos anuais e o número de membros da unidade familiar

2. Promoveremos a reforma das ordenanzas que regulan as tarifas de auga e saneamento para que se teña en conta o número de integrantes da unidade familiar ao establecer os tramos de consumo
3. Revisaremos a aplicación das bonificacións do IBI por insuficiencia de servizos para procurar unha imposición proporcional aos núcleos rurais de ordenanzas 11, 12, 6A e 6B que carecen de abastecemento de auga e saneamento.

### **XIII. COMPOSTELA, CAPITAL INSTITUCIONAL**

1. Promoveremos a celebración da reunión do Real Patronato da Cidade para aprobar o programa de actuacións e investimentos 2020-2030 que serva de guía e marco de actuación par ao Consorcio.
2. Traballaremos diante da Xunta de Galicia para que o Estatuto da Capitalidade teña un reflexo orzamentario adecuado, que contemple a integridade dos custes da capitalidade.
3. Propoñeremos incluír no Estatuto de Autonomía de Galicia a condición de capital de Compostela, como é habitual nas restantes comunidades autónomas.
4. Traballaremos para que se radiquen en Compostela delegacións de todas as consellerías da Xunta de Galicia, para evitar o desprazamento á hora de efectuar xestións, aos habitantes de Compostela e da súa área de influencia.
5. Recuperaremos o papel do Consorcio da Cidade, como instrumento de colaboración entre institucións para a salvagarda e recuperación dos valores patrimoniais da cidade histórica que ten a condición de Patrimonio da Humanidade e para a promoción e desenvolvemento da cidade.
6. Colaboraremos coa USC para convertela nunha institución recoñecida internacionalmente en docencia e investigación, como concretamos ao longo de moitos dos apartados do programa.
7. Traballaremos para conseguir a colaboración das administracións central e autonómica na redefinición dunha nova planta xudicial que atenda as demandas mínimas de Compostela. En consecuencia, propomos o reforzamento da planta xudicial de Santiago, atendendo ao desenvolvemento da cidade e do sur da provincia de A Coruña. Ademais dun novo xulgado do social, xa acordado, apoiaremos un novo xulgado da xurisdicción contencioso-administrativa, un xulgado do mercantil e unha nova Sección da Audiencia en Compostela.
8. Impulsaremos a participación municipal na xestión da terminal aeroportuaria de Lavacolla, nun momento en que está en discusión o seu modelo de xestión, para contribuír a

colocalo ao servizo do proxecto cidadán de Compostela, reforzando o seu papel central en Galicia.

9. Impulsaremos a articulación política da comarca, utilizando os instrumentos previstos na lexislación local. En concreto, é imprescindible, dada a configuración do hábitat, privilexiar a constitución do Consorcio Metropolitano de Transporte, para unha política de transportes ambiciosa e innovadora. Así como establecer estratexias combinadas noutras áreas (benestar social, equipamentos deportivos e socioculturais, etc.) ou por medio de proxectos concretos que atendan á realidade física: revalorización do Sar ou do Tambre, por exemplo.

10. Contribuiremos á conformación da Cidade da Cultura como un gran proxecto para o futuro de Galicia, axudando a integralo fisicamente na cidade, a incorporalo á imaxe de marca de Compostela e Galicia e a artellar o seu proxecto cultural, tal e como detallamos noutros apartados do programa por medio de propostas concretas.

## DE INFRAESTRUTURAS

1. Favoreceremos a consolidación de Lavacolla como aeroporto central do Noroeste da Península, mediante conexións e frecuencias coas principais compañías áreas de países emisores de visitantes, tanto en España como en Europa (Alemaña, Italia, Gran Bretaña, Francia, Polonia).

2. Traballaremos para constituír en Lavacolla unha base dalgunha compañía de baixo custo, que asegure a cobertura do continente europeo por medio de enlaces directos.

3. Colaboraremos coa Xunta de Galicia para por en marcha enlaces de alta frecuencia por medio do transporte público entre o aeroporto de Lavacolla e as principais cidades do Eixo Atlántico.

4. Impulsaremos a construción da estación intermodal (estación termo da Rede Europea de Alta Velocidade e de conexión coa Rede de Velocidade Alta do Eixo Atlántico, coa Terminal de Autobuses Interurbanos) coa construción de novos aparcamentos, ampliación de prazas e espazos de espera e cobertura axeitada das vías do tren, aínda que compre revisar o proxecto de remodelación da rúa Clara Campoamor para facilitar a circulación de autobuses (catro carrís consolidados e rotonda).

6. Impulsaremos a construción da Estación de Mercadorías de Santiago no Parque Empresarial da Sionlla.

7. Reclamaremos o remate da autovía Santiago-Lugo, que completa a conexión con autovía ou autopista de xeito directo co resto das cidades de Galicia nos prazos previstos.

8. Impulsaremos o enlace Orbital de Compostela entre a Autovía a Lavacolla e a AP-9, así como o seu remate coa conexión coa estrada de A Coruña e a súa inclusión urxente nos Orzamentos Xerais do Estado neste último caso.

9. Demandaremos nos vindeiros anos:

- A duplicación da N 550 ao oeste do Monte Pedroso, de Sigüeiro á Picaraña

- A realización da previsión do Plan MOVE para conectar adecuadamente As Galanas e Cacheiras e duplicar a autovía desde Brión a Noia.
- A conexión dos polígonos industriais do norte de Compostela entre sí, coa autoestada AP 9 e coa autovía a Lugo e Lavacolla.
- A conexión entre Compostela e a Costa da Morte, prevista no Plan MOVE, que debería rematarse neste mandato.
- A recepción pola Xunta de Galicia da estrada Compostela-Carballo, que permitiría o seu reacondicionamento.
- Completar a autovía a Noia e A Estrada, ao longo deste mandato.
- Reclamar un tratamento homoxéneo dos viaxeiros por autoestrada/ autovía ao longo do eixo Santiago-Ourense, evitando a discriminación que hoxe experimentan os que viaxan entre Lalín e Compostela.